

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional e carácter básico.*

Esta lei dítase ó abeiro das competencias exclusivas que ó Estado lle outorga o artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e de lexislación básica sobre protección do ambiente. Exceptúanse do anterior a disposición adicional quinta, que se dicta ó abeiro do artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, a disposición adicional sexta, que se fundamenta no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> e os puntos 2 e 3 do artigo 4, as disposicións adicionais segunda e terceira e a disposición transitoria terceira que se dictan de acordo co artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 20.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 24.<sup>a</sup>

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, dictará as normas de desenvolvemento que requira esta lei.

Disposición derradeira terceira. *Actualización de sancións.*

O Goberno poderá, mediante real decreto, actualizar-lo importe das sancións pecuniarias tipificadas no artigo 29.1, de acordo coa variación anual do índice de prezos ó consumo.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 17 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**20977** LEI 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. («BOE» 276, do 18-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, por tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria. A política orzamentaria actual está orientada polos criterios de estabilidade e crecemento económico pactados polos países da Unión Europea, que, ademais, en España encontraron expresión normativa nas leis de estabilidade orzamentaria. Esta orientación da política orzamentaria seguiu un proceso de consolidación das

contas públicas ata a eliminación do déficit público e propoñese manter, no sucesivo, o equilibrio orzamentario.

Este proceso de consolidación orzamentaria non só tivo uns efectos vigorizantes sobre o noso crecemento, senón que, ademais, fortaleceu os nosos fundamentos económicos.

A Lei de estabilidade orzamentaria veu outorgar-lles seguridade xurídica e continuidade na aplicación ós principios inspiradores da consolidación orzamentaria, definindo a envolvente da actividade financeira do sector público e introducindo cambios no procedemento orzamentario que melloraron substancialmente tanto a transparencia na elaboración, execución e control do orzamento como a asignación e xestión dos recursos orzamentarios nun horizonte plurianual orientado polos principios de eficacia, eficiencia e calidade das finanzas públicas.

A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas públicas poñendo a énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiamento do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento e desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.

Definido o marco xeral do equilibrio orzamentario e, en particular, establecido un teito de gasto para o Estado —que lle impide gastar máis e o impele a gastar mellor—, cómpre descender a unha esfera microeconómica para trasladar-las principios rectores da Lei de estabilidade orzamentaria ós distintos compoñentes do orzamento.

A Lei xeral de subvencións ten en conta esta orientación e supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do noso sistema económico, incardinándose no conxunto de medidas e reformas que se viñeron instrumentando desde que se iniciara o proceso de apertura e liberalización da economía española.

Neste sentido, cabe sinalar que as reformas estruturais dos sectores máis oligopolizados, as políticas para a estabilización macroeconómica e a modernización do sector público español —incluída a privatización parcial do sector público empresarial— foron todas elas medidas garantas da eliminación de mercados cativos, creando un contorno de libre, visible e sa competencia, cos grandes beneficios que esta xera para tódolos cidadáns.

Un dos principios que vai rexer-la nova Lei xeral de subvencións, que como xa se sinalou están inspirados nos da Lei de estabilidade orzamentaria, é o da transparencia. Con este obxecto, as administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, pola súa vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conterá información relevante sobre tódalas subvencións concedidas.

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional. Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible elimina-las distorsións e interferencias que puideran afecta-lo mercado, ademais de facilita-la complementariedade e coherencia das actuacións das distintas administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecua-las necesidades públicas que se van cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ó seu nacemento e de forma plurianual.

Como elemento esencial de peche deste proceso, a lei establece un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ó nivel de recursos investidos poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, se é o caso, eliminadas.

Desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e incluso un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos, e, polo tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Os recursos económicos destinados ás subvencións en España foron medrando paulatinamente nos últimos anos nos orzamentos das distintas administracións públicas. Ademais, gran parte das relacións financeiras entre España e a Unión Europea instrúntanse mediante subvencións financiadas, total ou parcialmente, con fondos comunitarios, que esixen, por tanto, a necesaria coordinación. Por outra parte, é igualmente necesario observar as directrices emanadas dos órganos da Unión Europea en materia de axudas públicas estatais e os seus efectos no mercado e a competencia.

A mellora da xestión e o seguimento das subvencións, a corrección das insuficiencias normativas e o control das conductas fraudulentas que se poden dar neste ámbito son esenciais para conseguir asignacións eficaces e eficientes desde esta modalidade de gasto e facer compatible a crecente importancia das políticas de subvencións coa actual orientación da política orzamentaria.

Na actualidade, esta materia, o réxime xurídico da cal foi modificado amplamente pola Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, e outras modificacións posteriores, encontra a súa regulación nos artigos 81 e 82 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro. Coas ditas modificacións tratouse de paliar, polo menos en parte, a dispersión e a existencia de lagoas en aspectos moi relevantes que tradicionalmente caracterizaron a lexislación española sobre subvencións.

Pola súa vez, o Tribunal de Contas e un crecente sector da doutrina viñeron propugnando a elaboración dunha lei xeral de subvencións que resolva definitivamente a situación de inseguridade xurídica e as lagoas que aínda subsisten.

Polo tanto, existe unha clara conciencia da necesidade de dotar este importante ámbito de actividade administrativa dun réxime xurídico propio e específico que permita supera-las insuficiencias do que vén substituír e recolla instrumentos e procedementos que aseguren unha adecuada xestión e un eficaz control das subvencións. Neste sentido, a Lei xeral de subvencións diríxese a regular con carácter xeral os elementos do réxime xurídico das subvencións e contén os aspectos nucleares, xerais e fundamentais deste sector do ordenamento.

Por outra parte, a Lei xeral de subvencións é un instrumento lexislativo de regulación dunha técnica xeral de intervención administrativa que penetrou de maneira relevante no ámbito de tódalas administracións públicas. O interese público demanda un tratamento homoxéneo da relación xurídica subvencional nas diferentes administracións públicas.

A ordenación dun réxime xurídico común na relación subvencional constitúe unha finalidade nuclear que se inspira directamente no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitu-

ción española, a teor da cal o Estado ten a competencia exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e sobre o procedemento administrativo común.

En virtude da competencia de regulación das bases do réxime xurídico das administracións públicas, e deixando a salvo a competencia de autogoberno que posúan as comunidades autónomas, o Estado pode establecer principios e regras básicas sobre aspectos organizativos e de funcionamento de tódalas administracións públicas, determinando así os elementos esenciais que garantan un réxime xurídico unitario aplicable a tódalas administracións públicas (SSTC núms. 32/1981, 227/1988 e 50/1999).

En materia de procedemento administrativo común, o Tribunal Constitucional non reduciu o alcance desta materia competencial á regulación do procedemento, senón que neste ámbito se incluíron os principios e as normas que prescriben a forma de elaboración dos actos, os requisitos de validez e eficacia, os modos de revisión e os medios de execución dos actos administrativos, incluíndo as garantías xerais dos particulares no seo do procedemento (SSTC núms. 227/1988 e 50/1999).

En materia sancionadora, o Tribunal Constitucional sinalou que as comunidades autónomas teñen potestade sancionadora nas materias substantivas sobre as que teñan competencias e, se é o caso, poden regular as infraccións e sancións aténdose ós principios básicos do ordenamento estatal, pero sen introducir diverxencias irrazoables ou desproporcionadas co fin perseguido respecto do réxime xurídico aplicable noutras partes do territorio, por esixencias derivadas do artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución (SSTC núms. 87/1985, 102/1985, 137/1986 e 48/1988). Por iso declarou que se poden regular con carácter básico, de maneira xeral, os tipos de ilícitos administrativos, os criterios para a cualificación da súa gravidade e os límites máximos e mínimos das correspondentes sancións, sen prexuízo da lexislación sancionadora que poidan establecer as comunidades autónomas, que poden modular tipos e sancións no marco daquelas normas básicas (STC núm. 227/1988).

De acordo co sinalado, constitúe lexislación básica a definición do ámbito de aplicación da lei, as disposicións comúns que definen os elementos subxectivos e obxectivos da relación xurídica subvencional, o réxime de coordinación da actuación das diferentes administracións públicas, determinadas normas de xestión e xustificación das subvencións, a invalidez da resolución de concesión, as causas e os obrigados ó reintegro das subvencións, o réxime material de infraccións e as regras básicas reguladoras das sancións administrativas no orde subvencional.

## II

Esta lei estrutúrase nun título preliminar e catro títulos máis, e contén 69 artigos, 22 disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

No título preliminar contéñense as disposicións xerais sobre a materia, estruturando, pola súa vez, o seu contido en dous capítulos. No I delimitase o ámbito obxectivo e subxectivo da lei e no II contéñense disposicións comúns en que se establecen os principios inspiradores e os requisitos para o outorgamento das subvencións, a competencia para iso, obrigas de beneficiarios e entidades colaboradoras, así como os requisitos para obter tal condición, aprobación e contido das bases reguladoras da subvención, publicación e información das subvencións concedidas, entre outros aspectos.

No ámbito obxectivo de aplicación da lei introdúcese un elemento diferenciador que delimita o concepto de subvención doutros análogos: a afectación dos fondos

públicos entregados ó cumprimento dun obxectivo, a execución dun proxecto específico, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver. Se a dita afectación existe, a entrega de fondos terá a consideración de subvención e esta lei resultarlle de aplicación.

Quedan fóra do dito ámbito obxectivo de aplicación as prestacións do sistema da Seguridade Social e prestacións análogas, as cales teñen un fundamento constitucional propio e unha lexislación específica, non homologable coa normativa reguladora das subvencións. Os beneficios fiscais e beneficios na cotización da Seguridade Social, así como o crédito oficial, quedan, igualmente, fóra do ámbito de aplicación da lei ó non existir entrega de fondos públicos.

Non obstante, cando a Administración asuma a obriga de lle satisfacer á entidade prestamista todo ou parte dos xuros, terá a consideración de subvención para os efectos desta lei.

Os créditos concedidos pola Administración que non teñan xuros ou con xuros inferiores ós de mercado rexeranse polas disposicións da lei que resulten adecuadas á súa natureza, sempre que carezan de normativa específica.

Por último, a lei exclúe do seu ámbito obxectivo os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario, así como as subvencións electorais e a partidos políticos ou grupos parlamentarios, por dispor estas últimas da súa propia regulación, sen prexuízo de que se complete o réxime establecido pola súa propia normativa reguladora.

Tamén se determina expresamente o carácter supletorio da lei en relación coa concesión de subvencións establecidas en normas da Unión Europea ou en normas nacionais de desenvolvemento ou transposición das mesmas, establecéndose o réxime de responsabilidade financeira derivada da xestión de fondos procedentes da Unión Europea.

Considerouse necesario introducir nesta lei de forma expresa un conxunto de principios xerais que deben inspirar a actividade subvencional, incluíndo un elemento de planificación, e procurando minimizar os efectos distorsionadores do mercado que puideran derivar do establecemento de subvencións. Así mesmo, e tomando como referencia a Lei de contratos das administracións públicas, recóllense os principios que han de informar a xestión de subvencións (igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia e eficiencia), e os requisitos que deben necesariamente cumprirse para proceder ó outorgamento de subvencións e para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

Ampliouse a relación de obrigas dos beneficiarios, incluíndo de forma expresa as de índole contable e rexistral, co obxecto de garantir a adecuada realización das actuacións de comprobación e control financeiro.

Cando na xestión e distribución dos fondos públicos participen entidades colaboradoras, esíxese, en todo caso, a formalización dun convenio de colaboración entre a dita entidade colaboradora e o órgano concedente, en que se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquela. Na propia lei detállase o contido mínimo que deben ter os ditos convenios de colaboración.

Cando a entidade colaboradora sexa unha entidade de dereito privado, a súa selección deberase realizar de acordo cos principios de publicidade, concorrència e obxectividade. Non obstante o anterior, se os termos en que se acorde a colaboración se encontraren dentro do obxecto do contrato de asistencia técnica, ou de calquera outro dos regulados no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, será de aplicación plena esta norma, e non só os principios anteriormente enunciados, tanto para a selección

da entidade como para a determinación do réxime xurídico e os efectos da colaboración.

En relación coas bases reguladoras da concesión de subvencións, amplíase notablemente o seu contido mínimo, co obxecto de clarificar e completar adecuadamente o réxime de cada subvención e facilitar as posteriores actuacións de comprobación e control.

### III

O título I contén as disposicións reguladoras dos procedementos de concesión e xestión, estruturando o dito contido en cinco capítulos.

No capítulo I establécese, como réxime xeral de concesión, o de concorrència competitiva, un réxime que debe permitir facer efectivos os principios inspiradores do outorgamento de subvencións previstos na lei. A proposta de concesión deberá formularse coa participación dun órgano colexiado que terá a composición que se determine nas bases reguladoras.

No dito capítulo prevense tamén aqueles supostos en que a subvención pode concederse de forma directa.

No capítulo II regúlase o procedemento de concesión en réxime de concorrència competitiva, dotando o procedemento dunha gran flexibilidade. Pártese da configuración dun procedemento de mínimos, composto polas actuacións e trámites imprescindibles ó servizo dos principios de xestión anteriormente enunciados, deixando aberta a posibilidade de que as bases reguladoras establezan aquelas fases adicionais que resulten necesarias á natureza, obxecto ou fins da subvención.

Co fin de axilizar o procedemento, considérase a posibilidade de substituí-la presentación de documentación por unha declaración responsable do solicitante, sempre que así se preveza na normativa reguladora. A acreditación dos datos contidos na dita declaración deberase requirir antes de formula-la proposta de resolución do procedemento.

Prevese a posibilidade de empregar certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa regulamentaria que regule a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, comportando a presentación da solicitude de subvención, a autorización ó órgano xestor para solicitar os certificados que terán de emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria e maila Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Coa mesma finalidade, na instrucción do procedemento prevese a posibilidade de establecer unha fase de preavaliación das solicitudes para efectos de verificar determinadas condicións ou requisitos de carácter puramente administrativo e axustar a fase de avaliación, máis complexa, unicamente a aqueles solicitantes que cumprisen os ditos requisitos.

Prevese a reformulación das solicitudes presentadas cando o importe da subvención que se propón sexa inferior ó que figura na solicitude e o seu obxecto sexa financiar varias actividades para desenvolver polo solicitante. Este último deberá reformular a solicitude para adecuala á nova contía e remitírselle, coa conformidade do órgano instructor, ó competente para resolver.

No capítulo III regúlase o procedemento de concesión directa, aplicable unicamente nos supostos previstos na lei, e caracterizado pola non esixencia do cumprimento dos principios de publicidade e concorrència. Cando se trate de subvencións en que se acredite a dificultade de convocatoria pública ou existan razóns excepcionais de interese público, social, económico ou humanitario que a desaconsellen, a competencia para aproba-las normas que regulan a concesión directa resérvase ó Goberno, por proposta do titular do departamento interesado.

No capítulo IV regúlase a xestión e xustificación polo beneficiario e, se é o caso, pola entidade colaboradora das subvencións concedidas. Prevese expresamente a posibilidade do beneficiario de concertar con terceiros a execución parcial da actividade subvencionada, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras, cun límite establecido na propia lei, sen prexuízo de que nas bases reguladoras se especifique outro distinto.

En materia de xustificación prevese o establecemento por vía regulamentaria dun sistema de validación e estampillado de xustificantes de gasto co fin de evitar comportamentos fraudulentos e mellora-la eficacia das actuacións de comprobación e control.

Neste capítulo regúlanse igualmente os gastos que poden te-la consideración de subvencionables, así como o límite cuantitativo a partir do cal non poderán ser subvencionados: o valor de mercado destes. Esta última previsión complétase coa posibilidade que a lei lle recoñece á Administración de comprobalos valores declarados polo beneficiario na xustificación do emprego dos fondos.

Por último, recóllese de forma expresa a facultade do órgano concedente de comproba-la realización da actividade e o cumprimento do obxecto da subvención por parte do beneficiario, así como a xustificación presentada por este.

No capítulo V, procedemento de xestión orzamentaria, establécese como regra xeral que o pagamento da subvención esixirá a previa xustificación por parte do beneficiario da realización do obxecto da subvención, perdéndose o dereito ó cobramento total ou parcial da subvención en caso contrario, así como cando concorra algunha das causas de reintegro recollidas na lei. Tampouco se poderá proceder ó pagamento da subvención mentres o beneficiario sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro ou non estea ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Co fin de facilita-la realización do obxecto da subvención por parte dos beneficiarios, recóllese a posibilidade de realizar pagamentos á conta e anticipados.

Igualmente, prevese que a entidade concedente poida acordar, como medida cautelar, a retención de cantidades pendentes de aboar, cando se iniciase procedemento de reintegro respecto do beneficiario ou entidade colaboradora. A adopción da dita medida cautelar debe-rase someter ó réxime xurídico previsto na lei.

#### IV

O título II versa sobre o reintegro de subvencións, estruturando o seu contido en dous capítulos.

No capítulo I establécese o réxime xeral de reintegros, regulándose en primeiro lugar os que derivan da nulidade do acordo de concesión, para recoller a continuación as causas de reintegro.

Desta regulación cabe destaca-la adecuación das causas de reintegro ás obrigas de beneficiarios e entidades colaboradoras.

O incumprimento do resto das obrigas, así como a resistencia, escusa ou negativa ás actuacións de control serán causa de reintegro cando iso imposibilite verifica-lo emprego dado ós fondos percibidos, ou o cumprimento da finalidade e da realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Prevese a posibilidade de que o reintegro se refira unicamente a parte da subvención concedida, sempre que o cumprimento por parte do beneficiario se aproxime de forma significativa ó cumprimento total.

Este capítulo complétase coa regulación da prescripción do dereito da Administración para esixi-lo reintegro, concluíndo coa enumeración dos obrigados ó reintegro

e responsables: da obriga de reintegrar responden non só os beneficiarios e entidades colaboradoras, senón tamén os administradores das sociedades mercantís, ou aqueles que posúan a representación legal doutras persoas xurídicas, os socios e partícipes no capital de entidades disoltas e liquidadas e os herdeiros ou legatarios na forma e nos termos previstos na lei.

No capítulo II establécense as liñas básicas do procedemento de reintegro e a competencia para esixilo, que será en todo caso da entidade concedente. No suposto de que a entidade concedente finalizase xa o procedemento de reintegro, as cantidades liquidadas deberán ser tidas en conta nas actuacións que, se é o caso, practique a Intervención Xeral da Administración do Estado.

#### V

O título III encóntrase dedicado ó control financeiro de subvencións, introducindo importantes novidades para a consecución dun control eficaz e garante dos dereitos de beneficiarios e entidades colaboradoras.

Neste título establécese a competencia para o exercicio do control, os deberes e as facultades do persoal controlador, a obriga de colaboración de beneficiarios, entidades colaboradoras e terceiros, as liñas básicas do procedemento de control financeiro e os efectos dos informes.

Establécese expresamente o deber de colaboración, facéndoo extensivo, no ámbito do control financeiro, non só ós beneficiarios e ás entidades colaboradoras, senón tamén a terceiros relacionados co obxecto da subvención ou coa súa xustificación, determinándose, pola súa vez, cales son as facultades da Intervención Xeral da Administración do Estado.

No exercicio do control financeiro, o persoal controlador ten a consideración de axente da autoridade, debendo recibir das autoridades e de quen en xeral exerza funcións públicas a debida colaboración e apoio.

O procedemento de control financeiro, unha vez iniciado, sométese a un prazo específico con posibilidade de ampliación en determinados supostos.

Prevese a documentación das actuacións de control financeiro en dilixencias e informes, e outórgaselles natureza de documentos públicos, facendo proba dos feitos que conteñan, salvo que se acredite o contrario.

Adécuase a regulación dos procedementos de reintegro e a súa articulación co control financeiro de perceptores de subvencións, de forma que as posibles discrepancias internas entre o órgano de control e os xestores se resolvan internamente e non se trasladen ós particulares, reducíndose a carga de formulación de alegacións a un só procedemento.

#### VI

Outro dos obxectivos que se perseguen con esta lei é o de tipificar adecuadamente as infraccións administrativas en materia de subvencións, incluíndo unha gradación do ilícito administrativo por razón da conducta punible, e un réxime xurídico de sancións acorde coa natureza da conducta infractora. Para tal efecto, o título IV contén o novo réxime de infraccións e sancións nesta materia, estruturando o seu contido en dous capítulos.

No capítulo I tipifícanse as condutas de beneficiarios, entidades colaboradoras e terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a súa xustificación, que son constitutivas de infracción administrativa, clasificándoas en leves, graves e moi graves. Tamén se determina quen é responsable das ditas condutas e enuméranse os supostos de exención de responsabilidade.

No capítulo II establécense as clases de sancións, os criterios de gradación para a súa concreción, e aquelas que corresponde impor a conductas tipificadas como infraccións, en función de se son cualificadas como leves, graves ou moi graves. Tamén se establece o prazo de prescrición de infraccións e sancións e as causas de extinción da responsabilidade derivada das infraccións.

Tamén se determina neste capítulo a competencia para impor sancións, que recae nos titulares dos ministerios concedentes.

Por último, especificáanse neste capítulo, respecto das sancións pecuniarias, determinados supostos de responsabilidade subsidiaria e solidaria que afectan os administradores das sociedades mercantís, ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, e os socios e partícipes no capital de entidades disoltas e liquidadas na forma e nos termos previstos na lei.

Coa aplicación ó articulado do texto dos criterios enunciados nesta exposición de motivos, trátase de conseguir unha Lei xeral de subvencións que responda adecuadamente ás necesidades que a actividade subvencional das administracións públicas esixe actualmente nos distintos aspectos considerados.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### CAPÍTULO I

##### Do ámbito de aplicación da lei

###### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polas administracións públicas.

###### Artigo 2. *Concepto de subvención.*

1. Enténdese por subvención, para os efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos recollidos no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir-las obrigas materiais e formais que se establecesen.

c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta lei as achegas en diñeiro entre diferentes administracións públicas, así como entre a Administración e os organismos e outros entes públicos dependentes destas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio das súas competencias, resultando de aplicación o disposto de maneira específica na súa normativa reguladora.

3. Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta lei as achegas en diñeiro que en concepto de cotas, tanto ordinarias coma extraordinarias, realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións a que se refire a disposición

adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4. Non teñen carácter de subvencións os seguintes supostos:

a) As prestacións contributivas e non contributivas do Sistema da Seguridade Social.

b) As pensións asistenciais por anciandade a favor dos españois non residentes en España, nos termos establecidos na súa normativa reguladora.

c) Tamén quedarán excluídas, na medida en que resulten asimilables ó réxime de prestacións non contributivas do Sistema de Seguridade Social, as prestacións asistenciais e os subsidios económicos a favor de españois non residentes en España, así como as prestacións a favor dos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana e dos minusválidos.

d) As prestacións a favor dos afectados pola síndrome tóxica e as axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolven a hepatite C, reguladas na Lei 14/2002, do 5 de xuño.

e) As prestacións derivadas do sistema de clases pasivas do Estado, pensións de guerra e outras pensións e prestacións por razón de actos de terrorismo.

f) As prestacións recoñecidas polo Fondo de Garantía Salarial.

g) Os beneficios fiscais e os beneficios na cotización á Seguridade Social.

h) O crédito oficial, salvo nos supostos en que a Administración pública lle subvencione ó prestameiro a totalidade ou parte dos xuros ou outras contraprestacións da operación de crédito.

###### Artigo 3. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

As subvencións outorgadas polas administracións públicas axustaranse ás prescricións desta lei.

1. Enténdese por administracións públicas para os efectos desta lei:

- A Administración xeral do Estado.
- As entidades que integran a Administración local.
- A Administración das comunidades autónomas.

2. Deberán así mesmo axustarse a esta lei as subvencións outorgadas polos organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas na medida en que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas.

Serán de aplicación os principios de xestión contidos nesta lei e os de información a que se fai referencia no artigo 20 ó resto das entregas en diñeiro sen contraprestación, que realicen os entes do parágrafo anterior que se rexan por dereito privado. En todo caso, as achegas gratuítas deberán ter relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus estatutos.

3. Os preceptos desta lei seranlles de aplicación á actividade subvencional das administracións das comunidades autónomas, así como ós organismos públicos e ás restantes entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes destas, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira.

4. Será igualmente aplicable esta lei ás seguintes subvencións:

a) As establecidas en materias en que a regulación, plena ou básica, lle corresponda ó Estado e a súa xestión sexa competencia total ou parcial doutras administracións públicas.

b) Aquelas na tramitación das cales interveñan órganos da Administración xeral do Estado ou das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquela, conxuntamente con outras administracións, en canto ás fases do procedemento que lles corresponda xestionar ós ditos órganos.

**Artigo 4. Exclusiones do ámbito de aplicación da lei.**

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

- a) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b) As subvencións previstas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.
- c) As subvencións reguladas na Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de financiamento dos partidos políticos.
- d) As subvencións ós grupos parlamentarios das Cámaras das Cortes Xerais, nos termos previstos nos regulamentos do Congreso dos Deputados e do Senado, así como as subvencións ós grupos parlamentarios das asembleas autonómicas e ós grupos políticos das corporacións locais, segundo estableza a súa propia normativa.

**Artigo 5. Réxime xurídico das subvencións.**

1. As subvencións rexeranse, nos termos establecidos no artigo 3, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, as restantes normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

2. As subvencións que se outorguen por consorcios, mancomunidades ou outras personificacións públicas creadas por varias administracións públicas ou organismos ou entes dependentes delas e as subvencións que deriven de convenios formalizados entre estas reguláranse de acordo co establecido no instrumento xurídico de creación ou no propio convenio, que, en todo caso, se deberán axustar ás disposicións contidas nesta lei.

**Artigo 6. Réxime xurídico das subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea.**

1. As subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea rexeranse polas normas comunitarias aplicables en cada caso e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición daquelas.

2. Os procedementos de concesión e de control das subvencións regulados nesta lei terán carácter supletorio respecto das normas de aplicación directa ás subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea.

**Artigo 7. Responsabilidade financeira derivada da xestión de fondos procedentes da Unión Europea.**

1. As administracións públicas ou os seus órganos ou entidades xestoras que, de acordo coas súas respectivas competencias, realicen actuacións de xestión e control das axudas financiadas por conta do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (seccións Orientación e Garantía), Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Fondo Social Europeo, Instrumento Financeiro de Orientación Pesqueira e Fondo de Cohesión, así como de calquera outro fondo comunitario, asumirán as responsabilidades que deriven das ditas actuacións, incluídas as que sobreveñan por decisións dos órganos da Unión Europea, e especialmente no relativo ó proceso de liquidación de contas e á aplicación da disciplina orzamentaria por parte da Comisión Europea.

2. Os órganos competentes da Administración xeral do Estado para propor ou coordina-los pagamentos das

axudas de cada fondo ou instrumento, logo de audiencia das entidades afectadas mencionadas no punto anterior, resolverán acerca da determinación das referidas responsabilidades financeiras. Das ditas resolucións darase traslado ó Ministerio de Facenda para que se efectúen as liquidacións, deducións ou compensacións financeiras pertinentes que se aplicarán ás entidades afectadas.

3. As compensacións financeiras que deban realizarse como consecuencia das actuacións sinaladas no punto anterior serán levadas a cabo pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, mediante a dedución dos seus importes nos futuros libramentos que se realicen por conta dos citados fondos e instrumentos financeiros da Unión Europea, de acordo coa respectiva natureza de cada un deles e cos procedementos que se establezan mediante orde conxunta dos ministerios de Economía e de Facenda, logo de informe dos departamentos competentes.

**CAPÍTULO II**

**Disposicións comúns ás subvencións públicas**

**Artigo 8. Principios xerais.**

1. Os órganos das administracións públicas ou calquera ente que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ó cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

**Artigo 9. Requisitos para o outorgamento das subvencións.**

1. Naqueles casos en que, de acordo cos artigos 87 a 89 do Tratado Constitutivo da Unión Europea, se deban comunica-los proxectos para o establecemento, a concesión ou a modificación dunha subvención, as administracións públicas ou calquera ente deberánlle comunicar á Comisión da Unión Europea os oportunos proxectos de acordo co artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos termos que se establezan regulamentariamente, co obxecto que se declare a compatibilidade destas. Nestes casos, non se poderá facer efectiva unha subvención mentres non sexa considerada compatible co mercado común.

2. Con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberánse aproba-las normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei.

3. As bases reguladoras de cada tipo de subvención publicaranse no Boletín Oficial del Estado ou no diario oficial correspondente.

4. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir-los seguintes requisitos:

- a) A competencia do órgano administrativo concedente.
- b) A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.
- c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.
- d) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos nas leis.
- e) A aprobación do gasto polo órgano competente para iso.

**Artigo 10. Órganos competentes para a concesión de subvencións.**

1. Os ministros e os secretarios de Estado na Administración xeral do Estado e os presidentes ou directores dos organismos públicos e demais entidades que teñan que axusta-la súa actividade ó dereito público son os órganos competentes para conceder subvencións, nos seus respectivos ámbitos, logo de consignación orzamentaria para este fin.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, para autoriza-la concesión de subvencións de contía superior a 12 millóns de euros será necesario acordo do Consello de Ministros ou, no caso de que así o estableza a normativa reguladora da subvención, da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

A autorización a que se refire o parágrafo anterior non implicará a aprobación do gasto, que, en todo caso, lle corresponderá ó órgano competente para a concesión da subvención.

3. As facultades para conceder subvencións, a que se refire este artigo, poderán ser obxecto de desconcentración mediante real decreto acordado en Consello de Ministros.

4. A competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelles ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local.

**Artigo 11. Beneficiarios.**

1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que teña que realiza-la actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontre na situación que lexítima a súa concesión.

2. Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, e sempre que así se prevexa nas bases reguladoras, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectua-la totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios.

3. Cando se prevexa expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que aplicará cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberase nomear un repre-

sentante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprilas obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei.

**Artigo 12. Entidades colaboradoras.**

1. Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para tódolos efectos relacionados coa subvención, lles entregue e lles distribúa os fondos públicos ós beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio.

Igualmente, terán esta condición os que, sendo denominados beneficiarios conforme a normativa comunitaria, teñan encomendadas, exclusivamente, as funcións enumeradas no parágrafo anterior.

2. Poderán ser consideradas entidades colaboradoras os organismos e demais entes públicos, as sociedades mercantís participadas íntegra ou maioritariamente polas administracións públicas, organismos ou entes de dereito público e as asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como as demais persoas xurídicas públicas ou privadas que reúnan as condicións de solvencia e eficacia que se establezan.

3. As comunidades autónomas e as corporacións locais poderán actuar como entidades colaboradoras das subvencións concedidas pola Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos e os demais entes que teñan que axusta-la súa actividade ó dereito público. De igual forma, e nos mesmos termos, a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos poderán actuar como entidades colaboradoras respecto das subvencións concedidas polas comunidades autónomas e corporacións locais.

**Artigo 13. Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.**

1. Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se encontren na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, encontrarse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incom-

patibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Te-la residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ó corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos puntos 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendese o procedemento administrativo de inscrición por encontrarse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en virtude da cal se poida practicala inscrición no correspondente rexistro.

4. As prohibicións contidas nas alíneas b), d), e), f) e g) do punto 2 e no punto 3 deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que, en cada caso, as determinen.

5. As prohibicións contidas nas alíneas a) e h) do punto 2 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. No seu defecto, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder de cinco anos en caso de que a prohibición non derive de sentenza firme.

6. A apreciación e o alcance da prohibición contida na alínea c) do punto 2 deste artigo determinarase de acordo co establecido no artigo 21, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2002, do 16 de xuño.

7. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estaren incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, sinaladas nos puntos 2 e 3 deste artigo, poderase realizar mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa regulamentaria que regule a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas, ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa ou notario público.

#### Artigo 14. *Obrigas dos beneficiarios.*

1. Son obrigas do beneficiario:

a) Cumprilo obxectivo, executa-lo proxecto, realiza-la actividade ou adopta-lo comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realiza-los órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ó órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

e) Acreditar, con anterioridade a se dicta-la proposta de resolución de concesión, que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garanti-lo adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adopta-las medidas de difusión contidas no punto 4 do artigo 18 desta lei.

i) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 37 desta lei.

2. A rendición de contas dos perceptores de subvencións, a que se refire o artigo 34.3 da Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas, instrumentarase a través do cumprimento da obriga de xustificación ó órgano concedente ou entidade colaboradora, se é o caso, da subvención, regulada na alínea b) do punto 1 deste artigo.

#### Artigo 15. *Obrigas das entidades colaboradoras.*

1. Son obrigas da entidade colaboradora:

a) Entregarlles ós beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención e no convenio suscrito coa entidade concedente.

b) Comprobar, se é o caso, o cumprimento e a efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Xustifica-la entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedente da subvención e, se é o caso, entrega-la xustificación presentada polos beneficiarios.



d) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos ditos fondos poida efectualo órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realiza-los órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2. Cando a Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos ou as comunidades autónomas actúen como entidades colaboradoras, as actuacións de comprobación e control a que se fai referencia na alínea d) do punto anterior levaranas a cabo os correspondentes órganos dependentes delas, sen prexuízo das competencias dos órganos de control comunitarios e das do Tribunal de Contas.

#### Artigo 16. *Convenio de colaboración.*

1. Formalizarase un convenio de colaboración entre o órgano administrativo concedente e a entidade colaboradora en que se regularán as condicións e obrigas asumidas por esta.

2. O convenio de colaboración non poderá ter un prazo de vixencia superior a catro anos, ben que se poderá prever nel a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total das prórrogas poida ser superior á vixencia do período inicial e sen que en conxunto a duración total do convenio de colaboración poida exceder de seis anos.

Non obstante, cando a subvención teña por obxecto a subsidiación de préstamos, a vixencia do convenio poderase prolongar ata a cancelación total dos préstamos.

3. O convenio de colaboración deberá conter, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da colaboración e da entidade colaboradora.
- b) Identificación da normativa reguladora especial das subvencións que van ser xestionadas pola entidade colaboradora.
- c) Prazo de duración do convenio de colaboración.
- d) Medidas de garantía que sexa preciso constituír a favor do órgano administrativo concedente, medios de constitución e cancelación.
- e) Requisitos que debe cumprir e facer cumpra-la entidade colaboradora nas diferentes fases do procedemento de xestión das subvencións.
- f) En caso de colaboración na distribución dos fondos públicos, determinación do período de entrega dos fondos á entidade colaboradora e das condicións de depósito dos fondos recibidos ata a súa entrega posterior ós beneficiarios.
- g) En caso de colaboración na distribución dos fondos públicos, condicións de entrega ós beneficiarios das subvencións concedidas polo órgano administrativo concedente.
- h) Forma de xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento das condicións para o outorgamento das subvencións e requisitos para a verificación desta.
- i) Prazo e forma da presentación da xustificación das subvencións achegada polos beneficiarios e, en caso de colaboración na distribución dos fondos públicos, de acreditación por parte da entidade colaboradora da entrega dos fondos ós beneficiarios.
- j) Determinación dos libros e rexistros contables específicos que debe leva-la entidade colaboradora para facilita-la adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.
- k) Obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 desta lei.

l) Obriga da entidade colaboradora de someterse ás actuacións de comprobación e control previstas na alínea d) do punto 1 do artigo 15 desta lei.

m) Compensación económica que, se é o caso, se fixe a favor da entidade colaboradora.

4. Cando as comunidades autónomas ou as corporacións locais actúen como entidades colaboradoras, a Administración xeral do Estado ou os organismos públicos vinculados ou dependentes dela suscribirán con aquelas os correspondentes convenios en que se determinen os requisitos para a distribución e entrega dos fondos, os criterios de xustificación e de rendición de contas.

De igual forma, e nos mesmos termos, procederase cando a Administración xeral do Estado ou os organismos públicos vinculados ou dependentes desta actúen como entidades colaboradoras respecto das subvencións concedidas polas comunidades autónomas ou as corporacións locais.

5. Cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido ós principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizarase mediante convenio, salvo que por obxecto da colaboración resulte de aplicación plena o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

O contrato, que incluíra necesariamente o contido mínimo previsto no punto 3 deste artigo, así como o que resulte preceptivo de acordo coa normativa reguladora dos contratos administrativos, deberá facer mención expresa ó sometemento do contratista ó resto das obrigas impostas ás entidades colaboradoras por esta lei.

#### Artigo 17. *Bases reguladoras da concesión das subvencións.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, así como dos organismos públicos e restantes entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes daquela, os ministros correspondentes establecerán as oportunas bases reguladoras da concesión.

As citadas bases aprobaranse por orde ministerial, de acordo co procedemento previsto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e logo de informe dos servizos xurídicos e da intervención delegada correspondente, e serán obxecto de publicación no Boletín Oficial del Estado.

Non será necesaria a promulgación de orde ministerial cando as normas sectoriais específicas de cada subvención inclúan as citadas bases reguladoras co alcance previsto no punto 3 deste artigo.

2. As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

3. A norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da subvención.
- b) Requisitos que deberán reuni-los beneficiarios para a obtención da subvención, e, se é o caso, os membros das entidades recollidas no punto 2 e segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei, e forma e prazo en que se deben presenta-las solicitudes.
- c) Condicións de solvencia e eficacia que deban reuni-las persoas xurídicas a que se refire o punto 2 do artigo 12 desta lei.
- d) Procedemento de concesión da subvención.

e) Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, se é o caso, ponderación destes.

f) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.

g) Organos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e o prazo en que será notificada a resolución.

h) Determinación, se é o caso, dos libros e rexistros contables específicos para garanti-la adecuada xustificación da subvención.

i) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario ou da entidade colaboradora, se é o caso, do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

j) Medidas de garantía que, se é o caso, se considere preciso constituír a favor do órgano concedente, medios de constitución e procedemento de cancelación.

k) Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos á conta, así como o réxime de garantías que, se é o caso, deberán achega-los beneficiarios.

l) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

m) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determina-la cantidade que finalmente deba percibi-lo beneficiario ou, se é o caso, o importe que hai que reintegrar, e deberán responder ó principio de proporcionalidade.

#### Artigo 18. *Publicidade das subvencións concedidas.*

1. Os órganos administrativos concedentes publicarán no diario oficial correspondente, e nos termos que se fixen regulamentariamente, as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, a publicidade das subvencións concedidas por entidades locais de menos de 50.000 habitantes poderase realizar no taboleiro de anuncios. Ademais, cando se trate de entidades locais de máis de 5.000 habitantes, no diario oficial correspondente publicarase un extracto da resolución pola que se ordena a publicación, indicando os lugares onde se encontra exposto o seu contido íntegro.

3. Non será necesaria a publicación no diario oficial da Administración competente da concesión das subvencións nos seguintes supostos:

a) Cando as subvencións públicas teñan asignación nominativa nos orzamentos das administracións, organismos e demais entidades públicas a que se fai referencia no artigo 3 desta lei.

b) Cando o seu outorgamento e contía, a favor de beneficiario concreto, resulten impostos en virtude de norma de rango legal.

c) Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros. Neste suposto, as bases reguladoras deberán preve-la utilización doutros procedementos que, de acordo coas súas especiais características, contía e número, aseguren a publicidade dos beneficiarios destas.

d) Cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ó respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal

e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e fose previsto na súa normativa reguladora.

4. Os beneficiarios deberán da-la adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

#### Artigo 19. *Financiamento das actividades subvencionadas.*

1. A normativa reguladora da subvención poderá esixir un importe de financiamento propio para cubri-la actividade subvencionada. A achega de fondos propios ó proxecto ou acción subvencionada deberá ser acreditada nos termos previstos no artigo 30 desta lei.

2. A normativa reguladora da subvención determinará o réxime de compatibilidade ou incompatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

3. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

5. Os rendementos financeiros que se xeran polos fondos librados ós beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada, salvo que, por razóns debidamente motivadas, se dispoña o contrario nas bases reguladoras da subvención.

Este punto non será de aplicación nos supostos en que o beneficiario sexa unha Administración pública.

#### Artigo 20. *Información sobre a xestión de subvencións.*

1. Os suxeitos recollidos no artigo 3 desta lei deberánlle facilitar á Intervención Xeral da Administración do Estado, para efectos meramente estatísticos e informativos e en aplicación do artigo 4.1.c) da Lei 30/1992, información sobre as subvencións por eles xestionadas, nos termos previstos regulamentariamente, co obxecto de formar unha base de datos nacional, para lle dar cumprimento á esixencia da Unión Europea, mellora-la eficacia, controla-la acumulación e concorrencia de subvencións e facilita-la planificación, o seguimento e as actuacións de control.

2. A referida base de datos conterá, polo menos, referencia ás bases reguladoras da subvención, convocatorias, identificación dos beneficiarios coa subvención outorgada e efectivamente percibida, resolucións de reintegro e sancións impostas. Igualmente, conterá a identificación das persoas incursas nalgunha das prohibicións recollidas no artigo 13 desta lei.

3. A cesión de datos de carácter persoal que, en virtude dos puntos precedentes, debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado.

4. A información incluída na base de datos nacional terá carácter reservado, sen que poida ser cedida ou comunicada a terceiros, salvo que a cesión teña por obxecto:

a) A colaboración con calquera Administración pública para a loita contra a fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos ou da Unión Europea.

b) A investigación ou persecución de delitos públicos polos órganos xurisdiccionais ou o Ministerio Público.

c) A colaboración coas administracións tributaria e da Seguridade Social no ámbito das súas competencias.

d) A colaboración coas comisións parlamentarias de investigación no marco legalmente establecido.

e) A colaboración co Tribunal de Contas ou órganos de fiscalización externa das comunidades autónomas no exercicio das súas funcións.

f) A colaboración coa Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo no exercicio das súas funcións de acordo co previsto no artigo 8 da Lei de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo.

5. As autoridades e o persoal ó servizo das administracións públicas que teñan coñecemento destes datos estarán obrigados ó máis estricto e completo segredo profesional respecto deles, agás nos casos citados no punto anterior. Con independencia das responsabilidades penais ou civís que puidesen corresponder, a infracción deste particular deber de segredo considerase sempre falta disciplinaria moi grave.

#### Artigo 21. *Réxime de garantías.*

O réxime das garantías, medios de constitución, depósito e cancelación que teñan que constituí-los beneficiarios ou as entidades colaboradoras establecerase regulamentariamente.

### TÍTULO I

#### Procedementos de concesión e xestión das subvencións

##### CAPÍTULO I

#### Do procedemento de concesión

#### Artigo 22. *Procedementos de concesión.*

1. O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puidesen derivar da capacidade de autoorganización das administracións públicas, a proposta de concesión será formulada ó órgano concedente por un órgano colexiado a través do órgano instructor. A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras.

Excepcionalmente, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ó rateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

2. Poderanse conceder de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das

entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

b) Aquelas en que o outorgamento ou contía lle veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo co súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

3. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na convocatoria.

### CAPÍTULO II

#### Do procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva

#### Artigo 23. *Iniciación.*

1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase sempre de oficio.

2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, se é o caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que, en atención á súa especificidade, estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios a que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante un réxime de concorrencia competitiva.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no punto 3 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que se lle deben xuntar á petición.

j) Se é o caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 27 desta lei.

k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se deba interpor recurso de alzada.

l) Criterios de valoración das solicitudes.

m) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Ás solicitudes dos interesados xuntaránselle-los documentos e as informacións determinados na norma ou convocatoria, agás que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ó establecido na alínea f) do artigo 35 da Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga consta-la data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obte-lo documento, o órgano competente poderalle requirir ó solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A presentación telemática de solicitudes e documentación complementaria realizarase nos termos previstos na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para efectos do previsto no punto 3 da citada disposición adicional décimo oitava, a presentación da solicitude por parte do beneficiario levará consigo a autorización ó órgano xestor para solicita-los certificados que deberán ser emitidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4. Para efectos do disposto nos puntos anteriores, a normativa reguladora da subvención poderá admiti-la substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención deberase requiri-la presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contidos na citada declaración, nun prazo non superior a 15 días.

5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, o órgano competente requiriralle ó interesado que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que, de non o facer, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 24. *Instrucción.*

1. A instrucción do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ó órgano que se designe na convocatoria.

2. O órgano competente para a instrucción realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3. As actividades de instrucción comprenderán:

a) Petición de cantos informes considere necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Na petición farase constar, se é o caso, o carácter determinante daqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de 10 días, salvo que o órgano instructor, atendendo ás características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder de dous meses.

Cando no prazo sinalado non se emita o informe cualificado por disposición legal expresa como preceptivo e determinante ou, se é o caso, vinculante, poderase interrompe-lo prazo dos trámites sucesivos.

b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración

establecidos na norma reguladora da subvención ou, se é o caso, na convocatoria.

A norma reguladora da subvención poderá recolle-la posibilidade de establecer unha fase de preavaliación en que se verificará o cumprimento das condicións impostas para adqui-ri-la condición de beneficiario da subvención.

4. Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado a que se refire o punto 1 do artigo 22 desta lei deberá emitir informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles deberá notificar ós interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederase un prazo de 10 días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren en procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Examinadas as alegacións aducidas, se é o caso, polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresa-lo solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualas.

O expediente de concesión de subvencións conterà o informe do órgano instructor en que conste que da información que figura no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para accederen a estas.

5. A proposta de resolución definitiva, cando resulte procedente de acordo coas bases reguladoras, notificaráselles ós interesados que fosen propostos como beneficiarios na fase de instrucción, para que no prazo previsto na dita normativa comuniquen a súa aceptación.

6. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean ningún dereito a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

#### Artigo 25. *Resolución.*

1. Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co previsto no artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, se é o caso, na correspondente norma ou convocatoria, o órgano competente resolverá o procedemento.

2. A resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

3. A resolución, ademais de conte-lo solicitante ou relación de solicitantes ós que se lles concede a subvención, fará constar, se é o caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

4. O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.

No suposto de subvencións tramitadas por outras administracións públicas en que lle corresponda a resolución á Administración xeral do Estado ou ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes desta, este

prazo computarase a partir do momento en que o órgano outorgante dispoña da proposta ou da documentación que a norma reguladora da subvención determine.

5. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

#### Artigo 26. *Notificación da resolución.*

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A práctica da dita notificación ou publicación axustarase ás disposicións contidas no artigo 59 da citada lei.

#### Artigo 27. *Reformulación das solicitudes.*

1. Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades para desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ó que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario, se así se preveu nas bases reguladoras, a reformulación da súa solicitude para axustalos compromisos e condicións á subvención outorgante.

2. Unha vez que a solicitude mereza a conformidade do órgano colexiado, remitiráselle con todo o actuado ó órgano competente para que dicte a resolución.

3. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respecta-lo obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

### CAPÍTULO III

#### Do procedemento de concesión directa

#### Artigo 28. *Concesión directa.*

1. A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

2. O Goberno aprobará por real decreto, por proposta do ministro competente e logo de informe do Ministerio de Facenda, as normas especiais reguladoras das subvencións reguladas na alínea c) do punto 2 do artigo 22 desta lei.

3. O real decreto a que se fai referencia no punto anterior deberase axustar ás previsións contidas nesta lei, salvo no que afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterá como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular destas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade de súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable.

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

d) Procedemento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, entidades colaboradoras.

### CAPÍTULO IV

#### Do procedemento de xestión e xustificación da subvención pública

#### Artigo 29. *Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.*

1. Para os efectos desta lei, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorre-lo beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

2. O beneficiario unicamente poderá subcontratar, total ou parcialmente, a actividade cando a normativa reguladora da subvención así o prevexa. A actividade subvencionada que o beneficiario subcontrate con terceiros non excederá da porcentaxe que se fixe nas bases reguladoras da subvención. No suposto de que tal previsión non figure, o beneficiario poderá subcontratar ata unha porcentaxe que non exceda do 50 por cento do importe da actividade subvencionada.

En ningún caso se poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ó contido desta.

3. Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20 por cento do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ó cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se celebre por escrito.

b) Que a súa celebración sexa autorizada previamente pola entidade concedente da subvención na forma que se determine nas bases reguladoras.

4. Non se poderá fraccionar un contrato co obxecto de diminuí-la contía deste e eludi-lo cumprimento dos requisitos esixidos no punto anterior.

5. Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

6. Para efectos do previsto no punto anterior, os beneficiarios serán responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites que se establezan na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e contía de gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ó deber de colaboración previsto no artigo 46 desta lei para permiti-la adecuada verificación do cumprimento dos ditos límites.

7. En ningún caso poderá ser concertada polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 desta lei.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que o dito pagamento estea xustificado con referencia ó valor de mercado do traballo realizado ou ós servicios prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup> Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2.<sup>a</sup> Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obtivesen subvención por non reuniren os requisitos ou non alcanzaren a valoración suficiente.

#### Artigo 30. Xustificación das subvencións públicas.

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase da maneira que se determine regulamentariamente, podendo revestir a forma de conta xustificativa do gasto realizado ou acreditarse o dito gasto por módulos ou mediante a presentación de estados contables, segundo se dispoña na normativa reguladora.

2. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora, na que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. A forma da conta xustificativa e o seu prazo de rendición virán determinados polas correspondentes bases reguladoras das subvencións públicas.

Na falta de previsión das bases reguladoras, a conta deberá incluír declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos incorridos, e a súa presentación realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade.

3. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

A acreditación dos gastos tamén se poderá efectuar mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos esixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Reglamentariamente, establecerase un sistema de validación e estampillado de xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións.

4. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberase acreditar na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

5. No suposto de adquisición de bens inmoables, ademais dos xustificantes establecidos no punto 3 deste artigo, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

6. Os membros das entidades previstas no punto 2 e segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei estarán obrigados a cumprir os requisitos de xustificación respecto das actividades realizadas en nome e por conta do beneficiario, do modo en que se determina nos puntos anteriores. Esta documentación formará parte da xustificación que está obrigado a rendelo beneficiario que solicitou a subvención.

7. As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que se puidesen establecer para verificala súa existencia.

8. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos neste capítulo ou a xustificación insuficiente desta levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 desta lei.

#### Artigo 31. Gastos subvencionables.

1. Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos nesta lei, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido polas diferentes bases reguladoras das subvencións. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

2. Salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

a) As bases reguladoras fixarán o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ó fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberase facer constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

b) O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II desta lei, quedando o ben afecto ó pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, agás que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, en caso de bens móbiles non inscribibles.

5. Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no anterior punto 4 cando:

a) Tratándose de bens non inscribibles nun rexistro público, fosen substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ó fin para o que se concedeu a subvención e este uso se manteña ata completa-lo período establecido, sempre que a substitución fose autorizada pola Administración concedente.

b) Tratándose de bens inscribibles nun rexistro público, o cambio de destino, alleamento ou gravame sexa autorizado pola Administración concedente. Neste suposto, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, en caso de incumprimento desta, do reintegro da subvención.

6. As bases reguladoras das subvencións establecerán, se é o caso, as regras especiais que se consideren oportunas en materia de amortización dos bens inventariables. Non obstante, o carácter subvencionable do gasto de amortización estará suxeito ás seguintes condicións:

- a) Que as subvencións non contribuísen á compra dos bens.
- b) Que a amortización se calcule de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas.
- c) Que o custo se refira exclusivamente ó período subvencionable.

7. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta, e sempre que así se prevexa nas bases reguladoras. Con carácter excepcional, os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionados cando así o prevexa a normativa reguladora da subvención.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

8. Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

9. Os custos indirectos deberán ser imputados polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ó período en que efectivamente se realiza a actividade.

#### Artigo 32. *Comprobación de subvencións.*

1. O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

2. A entidade colaboradora, se é o caso, realizará, en nome e por conta do órgano concedente, as comprobacións previstas na alínea b) do punto 1 do artigo 15 desta lei.

#### Artigo 33. *Comprobación de valores.*

1. A Administración poderá comproba-lo valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos seguintes medios:

- a) Prezos medios de mercado.
- b) Cotizacións en mercados nacionais e estranxeiros.
- c) Estimación por referencia ós valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal.
- d) Dictame de peritos da Administración.
- e) Taxación pericial contradictoria.
- f) Calquera outro medio de proba admitido en dereito.

2. O valor comprobado pola Administración servirá de base para o cálculo da subvención e notificarase, debidamente motivado e con expresión dos medios e criterios empregados, xunto coa resolución do acto que contén a liquidación da subvención.

3. O beneficiario poderá, en todo caso, promover a taxación pericial contradictoria, en corrección dos demais procedementos de comprobación de valores sinalados en punto 1 deste artigo, dentro do prazo do primeiro recurso que proceda contra a resolución do procedemento no que a Administración exerza a facultade prevista no punto anterior.

A presentación da solicitude de taxación pericial contradictoria determinará a suspensión da execución do procedemento resolto e do prazo para interpor recurso contra este.

4. Se a diferenza entre o valor comprobado pola Administración e a taxación practicada polo perito do beneficiario é inferior a 120.000 euros e ó 10 por cento do valor comprobado pola Administración, a taxación do perito do beneficiario servirá de base para o cálculo da subvención. En caso contrario, deberase designar un perito terceiro nos termos que se determinen regulamentariamente.

Os honorarios do perito do beneficiario serán satisfeitos por este. Cando a taxación practicada polo perito terceiro fose inferior ó valor xustificado polo beneficiario, tódolos gastos da pericia serán aboados por este, e, polo contrario, no caso de ser superior, serán por conta da Administración.

A valoración do perito terceiro servirá de base para a determinación do importe da subvención.

## CAPÍTULO V

### Do procedemento de xestión orzamentaria

#### Artigo 34. *Procedemento de aprobación do gasto e pagamento.*

1. Con carácter previo á convocatoria da subvención ou á concesión directa desta, deberase efectuar a aprobación do gasto nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas.

2. A resolución de concesión da subvención levará consigo o compromiso do gasto correspondente.

3. O pagamento da subvención realizarase logo da xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

Producirase a perda do dereito ó cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 desta lei.

4. Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderanse realizar pagamentos á conta. Os ditos aboamentos á conta poderán supo-la realización de pagamentos fraccionados que responderán ó ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada.

Tamén se poderán realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. A dita posibilidade e o réxime de garantías deberanse prever expresamente na normativa reguladora da subvención.

En ningún caso se poderán realizar pagamentos anticipados a beneficiarios cando se solicitase a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, fosen declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente falido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado

expediente de quitación e espera ou de suspensión de pagamentos ou ter presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, mentres, se é o caso, non fosen rehabilitados.

A realización de pagamentos á conta ou pagamentos anticipados, así como o réxime de garantías, deberanse prever expresamente na normativa reguladora da subvención.

5. Non se poderá realiza-lo pagamento da subvención mentres o beneficiario non se encontra ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### Artigo 35. *Retención de pagamentos.*

1. Unha vez acordado o inicio do procedemento de reintegro, como medida cautelar, o órgano concedente pode acordar, por iniciativa propia ou dunha decisión da Comisión Europea ou por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado ou da autoridade pagadora, a suspensión dos libramentos de pagamento das cantidades pendentes de aboarlle ó beneficiario ou entidade colaboradora, sen superar, en ningún caso, o importe que fixen a proposta ou resolución de inicio do expediente de reintegro, cos xuros de demora devengados ata aquel momento.

2. A imposición desta medida cautelar débese acordar por resolución motivada, que se lle debe notificar ó interesado, con indicación dos recursos pertinentes.

3. En todo caso, procederá a suspensión se existen indicios racionais que permitan preve-la imposibilidade de obte-lo resarcimento, ou se este pode verse frustrado ou gravemente dificultado, e, en especial, se o perceptor fai actos de ocultación, gravame ou disposición dos seus bens.

4. A retención de pagamentos estará suxeita, en calquera dos supostos anteriores, ó seguinte réxime xurídico:

a) Debe ser proporcional á finalidade que se pretende conseguir, e en ningún caso se debe adoptar se pode producir efectos de difícil ou imposible reparación.

b) Débese manter ata que se dicte a resolución que pon fin ó expediente de reintegro, e non pode supera-lo período máximo que se fixe para a súa tramitación, incluídas prórrogas.

c) Non obstante o disposto na alínea anterior, debe levantarse cando desaparezan as circunstancias que a orixinaron ou cando o interesado propoña a substitución desta medida cautelar pola constitución dunha garantía que se considere suficiente.

## TÍTULO II

### Do reintegro de subvencións

#### CAPÍTULO I

##### Do reintegro

#### Artigo 36. *Invalidez da resolución de concesión.*

1. Son causas de nulidade da resolución de concesión:

a) As indicadas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido no artigo 60 da Lei xeral orzamentaria e as demais normas de igual carácter das administracións públicas suxeitas a esta lei.

2. Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas nesta lei, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Cando o acto de concesión incorrese nalgún dos supostos mencionados nos puntos anteriores, o órgano concedente procederá á súa revisión de oficio ou, se é o caso, á declaración de lesividade e ulterior impugnación, de conformidade co establecido nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación levará consigo a obriga de devolve-las cantidades percibidas.

5. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorran algunha das causas de reintegro recollidas no artigo seguinte.

#### Artigo 37. *Causas de reintegro.*

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta lei e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adopta-las medidas de difusión contidas no punto 4 do artigo 18 desta lei.

e) Resistencia, escusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 desta lei, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verifica-lo emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ó modo en que se deban conseguir os obxectivos, realiza-la actividade, executa-lo proxecto ou adopta-lo comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verifica-lo emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. Cando o cumprimento polo beneficiario ou, se é o caso, entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ó cumprimento total e estes acrediten unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na alínea n) do punto 3 do artigo 17 desta lei ou, se é o caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

3. Igualmente, no suposto recollido no punto 3 do artigo 19 desta lei procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de demora correspondente.

**Artigo 38. Natureza dos créditos a reintegrar e dos procedementos para a súa esixencia.**

1. As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto na Lei xeral orzamentaria.

2. Os xuros de demora aplicable en materia de subvencións será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 por cento, agás que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

3. O destino dos reintegros dos fondos da Unión Europea terá o tratamento que, se é o caso, determine a normativa comunitaria.

4. Os procedementos para a esixencia do reintegro das subvencións terán sempre carácter administrativo.

**Artigo 39. Prescrición.**

1. Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro.

2. Este prazo computarase, en cada caso:

a) Desde o momento en que venceu o prazo para presenta-la xustificación por parte do beneficiario ou entidade colaboradora.

b) Desde o momento da concesión, no suposto previsto no punto 7 do artigo 30.

c) No suposto de se teren establecido condicións ou obrigas que debesen ser cumpridas ou mantidas por parte do beneficiario ou entidade colaboradora durante un período determinado de tempo, desde o momento en que venceu o dito prazo.

3. O cómputo do prazo de prescrición interrompese:

a) Por calquera acción da Administración, realizada con coñecemento formal do beneficiario ou da entidade colaboradora, conducente a determina-la existencia dalgunha das causas de reintegro.

b) Pola interposición de recursos de calquera clase, pola remisión do tanto de culpa á xurisdicción penal ou pola presentación de denuncia ante o Ministerio Fiscal, así como polas actuacións realizadas con coñecemento formal do beneficiario ou da entidade colaboradora no curso dos ditos recursos.

c) Por calquera actuación fidedigna do beneficiario ou da entidade colaboradora conducente á liquidación da subvención ou do reintegro.

**Artigo 40. Obrigados ó reintegro.**

1. Os beneficiarios e as entidades colaboradoras, nos casos recollidos no artigo 37 desta lei, deberán rein-

tegra-la totalidade ou parte das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora, sen prexuízo do disposto na alínea b) do punto 5 do artigo 31 desta lei no ámbito estatal. Esta obriga será independente das sancións que, se é o caso, resulten esixibles.

2. Os membros das persoas e entidades recollidas no punto 2 e no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei responderán solidariamente da obriga de reintegro do beneficiario en relación coas actividades subvencionadas que se comprometesen a efectuar.

Responderán solidariamente da obriga de reintegro os representantes legais do beneficiario cando este carecese de capacidade de obrar.

Responderán solidariamente os membros, partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o punto 3 do artigo 11 en proporción ás súas respectivas participacións, cando se trate de comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

3. Responderán subsidiariamente da obriga de reintegro os administradores das sociedades mercantís, ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, que non realizasen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, adoptasen acordos que fixesen posibles os incumprimentos ou consentisen o de quen dependa deles.

Así mesmo, os que teñan a representación legal das persoas xurídicas, de acordo coas disposicións legais ou estatutarias que lles resulten de aplicación, que cesasen nas súas actividades responderán subsidiariamente en todo caso das obrigas de reintegro destas.

4. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas de reintegro pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

5. En caso de falecemento do obrigado ó reintegro, a obriga de satisfacer as cantidades pendentes de restitución transmitirase ós seus habentes causa, sen prexuízo do que estableza o dereito civil común, foral ou especial aplicable á sucesión para determinados supostos, en particular para o caso de aceptación da herdanza a beneficio de inventario.

**CAPÍTULO II**

**Do procedemento de reintegro**

**Artigo 41. Competencia para a resolución do procedemento de reintegro.**

1. O órgano concedente será o competente para esixir do beneficiario ou entidade colaboradora o reintegro de subvencións mediante a resolución do procedemento regulado neste capítulo, cando aprecie a existencia dalgun dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no artigo 37 desta lei.

2. Se o reintegro é acordado polos órganos da Unión Europea, o órgano a quen corresponda a xestión do recurso executará os ditos acordos.

3. Cando a subvención fose concedida pola Comisión Europea ou outra institución comunitaria e a obriga de restituír xurdise como consecuencia da actuación fiscalizadora, distinta do control financeiro de subvencións regulado no título III desta lei, correspondente ás institucións españolas habilitadas legalmente para a realización destas actuacións, o acordo de reintegro será dictado polo órgano xestor nacional da subvención. O mencionado acordo dictarase de oficio ou por proposta doutras institucións e órganos da Administración habilitados legalmente para fiscalizar fondos públicos.

**Artigo 42. Procedemento de reintegro.**

1. O procedemento de reintegro de subvencións rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades que se establecen nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. O procedemento de reintegro de subvencións iníciase de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia. Tamén se iniciará como consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. Na tramitación do procedemento garantirase, en todo caso, o dereito do interesado á audiencia.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de 12 meses desde a data do acordo de iniciación. O dito prazo poderase suspender e ampliar de acordo co previsto nos puntos 5 e 6 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se transcorre o prazo para resolver sen que se notifícase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continua-las actuacións ata a súa terminación e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas ata a finalización do citado prazo.

5. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa.

**Artigo 43. Coordinación de actuacións.**

O pronunciamiento do órgano xestor respecto á aplicación dos fondos polos perceptores de subvencións entenderase sen prexuízo das actuacións de control financeiro que competen á Intervención Xeral da Administración do Estado.

**TÍTULO III****Do control financeiro de subvencións****Artigo 44. Obxecto e competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións.**

1. O control financeiro de subvencións exercerase respecto de beneficiarios e, se é o caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións da Administración xeral do Estado e organismos e entidades vinculados ou dependentes daquela, outorgadas con cargo ós orzamentos xerais do Estado ou ós fondos da Unión Europea.

2. O control financeiro de subvencións terá como obxecto verificar:

a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.

b) O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención.

c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras.

d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.

e) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no punto 3 do artigo 19 deste lei.

f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar o financiamento das actividades subvencionadas, a adecuada e correcta obtención, utilización, desfrute ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

3. A competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións corresponderalle á Intervención Xeral da Administración do Estado, sen prexuízo das funcións que a Constitución e as leis lle atribúan ó Tribunal de Contas e do disposto no artigo 6 desta lei.

4. O control financeiro de subvencións poderá consistir en:

a) O exame de rexistros contables, contas ou estados financeiros e a documentación que os soporte, de beneficiarios e entidades colaboradoras.

b) O exame de operacións individualizadas e concretas relacionadas ou que puidesen afectar as subvencións concedidas.

c) A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados ou que puidesen afectar as subvencións concedidas.

d) A comprobación material dos investimentos financiados.

e) As actuacións concretas de control que deban realizarse conforme co que en cada caso estableza a normativa reguladora da subvención e, se é o caso, a resolución de concesión.

f) Calquera outra comprobación que resulte necesaria en atención ás características especiais das actividades subvencionadas.

5. O control financeiro poderase estender ás persoas físicas ou xurídicas a que se encontren asociados os beneficiarios, así como a calquera outra persoa susceptible de presentar un interese na consecución dos obxectivos, na realización das actividades, na execución dos proxectos ou na adopción dos comportamentos.

**Artigo 45. Control financeiro de axudas e subvencións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos comunitarios.**

1. Nas axudas e subvencións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos comunitarios, a Intervención Xeral da Administración do Estado será o órgano competente para establecer, de acordo coa normativa comunitaria e nacional vixente, a necesaria coordinación de controis, mantendo para estes únicos efectos as necesarias relacións cos órganos correspondentes da Comisión Europea, dos entes territoriais e da Administración xeral do Estado.

2. Nas axudas financiadas polo Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agraria, a Intervención Xeral da Administración do Estado realizará os cometidos asignados ó servizo específico recollido no artigo 11 do Regulamento (CEE) n.º 4045/89 do Consello das Comunidades Europeas, do 21 de decembro de 1989, relativo ós controis, polos Estados membros, das operacións comprendidas no sistema de financiamento polo Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA), sección Garantía.

Os controis previstos no Regulamento (CEE) n.º 4045/89 serán realizados, de acordo coas súas respectivas competencias, polos seguintes órganos e entidades de ámbito nacional e autonómico:

a) A Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Os órganos de control interno das administracións das comunidades autónomas.

A Intervención Xeral da Administración do Estado, como servizo específico para a aplicación do referido regulamento:

- a) Elaborará os plans anuais de control en coordinación cos órganos de control de ámbito nacional e autonómico.
- b) Será o órgano encargado da relación cos servizos correspondentes da Comisión da Unión Europea no ámbito do Regulamento (CEE) n.º 4045/89, centralizará a información relativa ó seu cumprimento e elaborará o informe anual sobre a súa aplicación, segundo o previsto nos artigos 9.1 e 10.1.
- c) Efectuará os controis previstos no plan anual cando razóns de orde territorial ou doutra índole así o aconsellen.
- d) Velará pola aplicación en España, en tódolos seus termos, do Regulamento (CEE) n.º 4045/89.

3. Os órganos de control das administracións públicas, en aplicación da normativa comunitaria, poderán levar a cabo, ademais, controis e verificacións dos procedementos de xestión dos distintos órganos xestores que interveñan na concesión e xestión e pagamento das axudas cofinanciadas con fondos comunitarios que permitan garanti-la correcta xestión financeira dos fondos comunitarios.

4. A Intervención Xeral da Administración do Estado e os órganos de control financeiro do resto das administracións públicas deberán acreditar ante o órgano competente os gastos en que incorresen como consecuencia da realización de controis financeiros de fondos comunitarios, para efectos do seu financiamento de acordo co establecido na normativa comunitaria reguladora de gastos subvencionables con cargo ós ditos fondos.

#### Artigo 46. *Obriga de colaboración.*

1. Os beneficiarios, as entidades colaboradoras e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a súa xustificación estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden, dentro do ámbito da Administración concedente, á Intervención Xeral da Administración do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais, así como ós órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro; para este fin terán as seguintes facultades:

- a) O libre acceso á documentación obxecto de comprobación, incluídos os programas e arquivos en soporte informáticos.
- b) O libre acceso ós locais de negocio e demais establecementos ou lugares en que se desenvolva a actividade subvencionada ou se permita verifica-la realidade e regularidade das operacións financiadas con cargo á subvención.
- c) A obtención de copia ou a retención das facturas, documentos equivalentes ou substitutivos e de calquera outro documento relativo ás operacións en que se deduzan indicios da incorrecta obtención, desfrute ou destino da subvención.
- d) O libre acceso á información das contas bancarias nas entidades financeiras onde se poida ter efectuado o cobramento das subvencións ou con cargo ás cales se poidan ter realizado as disposicións dos fondos.

2. A negativa ó cumprimento desta obriga considerase resistencia, escusa, obstrucción ou negativa para os efectos previstos no artigo 37 desta lei, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, puidesen corresponder.

#### Artigo 47. *Facultades do persoal controlador.*

1. Os funcionarios da Intervención Xeral da Administración do Estado, no exercicio das funcións de control financeiro de subvencións, serán considerados axentes da autoridade.

Terán esta mesma consideración os funcionarios dos órganos que teñan atribuídas funcións de control financeiro, de acordo coa normativa comunitaria.

2. As autoridades, calquera que sexa a súa natureza, así como os xefes ou directores de oficinas públicas, organismos autónomos e outros entes de dereito público e os que, en xeral, exerzan funcións públicas ou desenvolvan o seu traballo nas ditas entidades deberán prestarlle-la debida colaboración e apoio ós funcionarios encargados da realización do control financeiro de subvencións.

3. Os xulgados e tribunais deberán facilitarlle á Administración, de oficio ou por requirimento desta, cantos datos con transcendencia na aplicación de subvencións se desprendan das actuacións xudiciais de que coñezan, respectando, se é o caso, o segredo das dilixencias sumariais.

4. O Servizo Xurídico do Estado deberá presta-la asistencia xurídica que, se é o caso, lles corresponda ós funcionarios que, como consecuencia da súa participación en actuacións de control financeiro de subvencións, sexan obxecto de citacións por órgano xurisdiccional.

#### Artigo 48. *Deberes do persoal controlador.*

1. O persoal controlador que realice o control financeiro de subvencións deberá garda-la confidencialidade e o segredo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu traballo.

Os datos, informes ou antecedentes obtidos no exercicio do dito control só se poderán utilizar para os fins asignados a este, servir de fundamento para a esixencia de reintegro e, se é o caso, para pór en coñecemento dos órganos competentes os feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidade contable ou penal.

2. Cando na práctica dun control financeiro o funcionario actuante aprecie que os feitos acreditados no expediente puidesen ser susceptibles de constituír unha infracción administrativa ou de responsabilidades contables ou penais, deberao pór en coñecemento da Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de que, se procede, remita o actuado ó órgano competente para a iniciación dos oportunos procedementos.

#### Artigo 49. *Do procedemento de control financeiro.*

1. O exercicio do control financeiro de subvencións adecuarase ó plan anual de auditorías e ás súas modificacións que aprobe anualmente a Intervención Xeral da Administración do Estado. Regulamentariamente determinaranse os supostos en que, como consecuencia da realización dun control, se poida estende-lo ámbito máis alá do previsto inicialmente no plan.

Non obstante, non será necesario incluír no plan de auditorías e actuacións de control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado as comprobacións precisas que soliciten outros Estados membros en aplicación de regulamentos comunitarios sobre beneficiarios perceptores de fondos comunitarios.

2. A iniciación das actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, se é o caso, entidades colaboradoras efectuarase mediante a súa notificación a estes, en que se indicará a natureza e o alcance das actuacións que se van desenvolver, a data de comparecencia do equipo de control que as vai realizar, a documentación

que nun principio se debe pór á disposición deste e demais elementos que se consideren necesarios. Os beneficiarios e, se é o caso, entidades colaboradoras deberán ser informados, ó inicio das actuacións, dos seus dereitos e obrigas no curso destas. Estas actuacións seranlles comunicadas, igualmente, ós órganos xestores das subvencións.

3. Cando no desenvolvemento do control financeiro se determine a existencia de circunstancias que puidesen dar orixe á devolución das cantidades percibidas por causas distintas ás previstas no artigo 37, poranse os feitos en coñecemento do órgano concedente da subvención, que deberá informar sobre as medidas adoptadas, podendo acordarse a suspensión do procedemento de control financeiro.

A suspensión do procedemento deberáselle notificar ó beneficiario ou entidade colaboradora.

4. A finalización da suspensión, que en todo caso se lle deberá notificar ó beneficiario ou entidade colaboradora, producirase cando:

a) Unha vez adoptadas polo órgano concedente as medidas que, ó seu xuízo, resulten oportunas, estas seranlle comunicadas ó órgano de control.

b) Se, transcorridos tres meses desde o acordo de suspensión, non se comunicase a adopción de medidas por parte do órgano xestor.

5. Cando no exercicio das funcións de control financeiro se deduzan indicios da incorrecta obtención, destino ou xustificación da subvención percibida, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá acorda-la adopción das medidas cautelares que se consideren precisas co obxecto de impedi-la desaparición, destrución ou alteración das facturas, documentos equivalentes ou substitutivos e de calquera outro documento relativo ás operacións en que tales indicios se manifesten.

As medidas deberán ser proporcionadas co fin que se persiga. En ningún caso se adoptarán aquelas que poidan producir un prexuízo de difícil ou imposible reparación.

6. As actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, se é o caso, entidades colaboradoras finalizarán coa emisión dos correspondentes informes comprensivos dos feitos postos de manifesto e das conclusións que deles deriven.

Cando o órgano concedente, en aplicación do disposto no punto 4 anterior, comunicase o inicio de actuacións que puidesen afecta-la validez do acto de concesión, a finalización do procedemento de control financeiro de subvencións producirase mediante resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado en que se declarará a improcedencia de continua-las actuacións de control, sen prexuízo de que, unha vez recaída en resolución declarando a validez total ou parcial do acto de concesión, se puidesen volver inicia-las actuacións.

7. As actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, se é o caso, entidades colaboradoras, deberán concluír no prazo máximo de 12 meses contados desde a data de notificación a aqueles do inicio destas. O dito prazo poderase ampliar, co alcance e requisitos que se determinen regulamentariamente, cando nas actuacións conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se trate de actuacións que revistan especial complexidade.

b) Cando no transcurso das actuacións se descubra que o beneficiario ou entidade colaboradora ocultaron información ou documentación esencial para un adecuado desenvolvemento do control.

8. Para os efectos do prazo previsto no punto anterior, non se computarán as dilacións imputables ó beneficiario ou entidade colaboradora, se é o caso, nin os períodos de interrupción xustificada que se especifiquen regulamentariamente.

Artigo 50. *Documentación das actuacións de control financeiro.*

1. As actuacións de control financeiro documentaranse en dilixencias, para reflectir feitos relevantes que se poñan de manifesto no exercicio deste, e en informes, que terán o contido e estrutura e cumpriran os requisitos que se determinen regulamentariamente.

2. Os informes notificaráselles ós beneficiarios ou entidades colaboradoras que fosen obxecto de control. Unha copia do informe remitiráselle ó órgano xestor que concedeu a subvención sinalando, se é o caso, a necesidade de iniciar expedientes de reintegro e sancionador.

3. Tanto as dilixencias como os informes terán natureza de documentos públicos e farán proba dos feitos que motiven a súa formalización, salvo que se acredite o contrario.

Artigo 51. *Efectos dos informes de control financeiro.*

1. Cando no informe emitido pola Intervención Xeral da Administración do Estado se recolla a procedencia de reintegra-la totalidade ou parte da subvención, o órgano xestor deberá acordar, con base no referido informe e no prazo dun mes, o inicio do expediente de reintegro, notificándollo así ó beneficiario ou entidade colaboradora, que disporá de 15 días para alegar canto considere conveniente na súa defensa.

2. O órgano xestor deberalle comunicar á Intervención Xeral da Administración do Estado, no prazo dun mes a partir da recepción do informe de control financeiro, a incoación do expediente de reintegro ou a discrepancia coa súa incoación, que deberá ser motivada. Neste último caso, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá emitir informe de actuación dirixido ó titular do departamento de que dependa ou estea adscrito o órgano xestor da subvención, do cal dará traslado así mesmo ó órgano xestor.

O titular do departamento, unha vez recibido o dito informe, manifestaralle á Intervención Xeral da Administración do Estado, no prazo máximo de dous meses, a súa conformidade ou desconformidade co seu contido. A conformidade co informe de actuación vinculará o órgano xestor para a incoación do expediente de reintegro.

En caso de desconformidade, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá elevar, a través do ministro de Facenda, o referido informe á consideración de:

a) O Consello de Ministros, cando a desconformidade se refira a un importe superior a 12 millóns de euros.

b) A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no resto dos casos.

A decisión adoptada por calquera destes órganos resolverá a discrepancia.

3. Unha vez iniciado o expediente de reintegro e á vista das alegacións presentadas ou, en calquera caso, transcorrido o prazo outorgado para iso, o órgano xestor deberá trasladalas, xunto co seu parecer, á Intervención Xeral da Administración do Estado, que emitirá informe no prazo dun mes.

A resolución do procedemento de reintegro non se poderá separar do criterio recollido no informe da Intervención Xeral da Administración do Estado. Cando o órgano xestor non acepte este criterio, con carácter previo á proposta de resolución, formulará discrepancia que será resolta de acordo co procedemento previsto na Lei xeral orzamentaria en materia de gastos, e no terceiro parágrafo do punto anterior.

4. Unha vez recaída resolución, e simultaneamente á súa notificación, o órgano xestor dará traslado desta á Intervención Xeral da Administración do Estado.

5. A formulación da resolución do procedemento de reintegro con omisión do trámite previsto no punto 3 dará lugar á anulabilidade da dita resolución, que poderá ser validada mediante acordo do Consello de Ministros, que será tamén competente para a súa revisión de oficio.

Para os referidos efectos, a Intervención Xeral da Administración do Estado elevará ó Consello de Ministros, a través do ministro de Facenda, informe relativo ás resolucións de reintegro incursas na citada causa de anulabilidade de que tiver coñecemento.

## TÍTULO IV

### Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións

#### CAPÍTULO I

##### Das infraccións administrativas

###### Artigo 52. *Concepto de infracción.*

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas nesta lei e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

###### Artigo 53. *Responsables.*

Serán responsables das infraccións administrativas en materia de subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como os entes sen personalidade a que se refire o punto 3 do artigo 11 desta lei, que por acción ou omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei e, en particular, as seguintes:

- a) Os beneficiarios de subvencións, así como os membros das persoas ou entidades recollidas no punto 2 e segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei, en relación coas actividades subvencionadas que se comprometesen a realizar.
- b) As entidades colaboradoras.
- c) O representante legal dos beneficiarios de subvencións que carezan de capacidade de obrar.
- d) As persoas ou entidades relacionadas co obxecto da subvención ou a súa xustificación, obrigadas a prestar colaboración e a facilitar canta documentación sexa requirida en cumprimento do disposto no artigo 46 desta lei.

###### Artigo 54. *Supostos de exención de responsabilidade.*

As accións ou omisións tipificadas nesta lei non darán lugar a responsabilidade por infracción administrativa en materia de subvencións nos seguintes supostos:

- a) Cando sexan realizadas por quen careza de capacidade de obrar.
- b) Cando concorra forza maior.
- c) Cando deriven dunha decisión colectiva, para quen salvase o seu voto ou non asistise á reunión en que se tomou aquela.

###### Artigo 55. *Concurrencia de actuacións coa orde xudicial penal.*

1. Nos supostos en que a conducta puiden ser constitutiva de delito, a Administración pasarálle o tanto de culpa á xurisdicción competente e absterase de segui-lo procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte sentenza firme, teña lugar o sobreseimento ou o arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal.

2. A pena imposta pola autoridade xudicial excluírá a imposición de sanción administrativa.

3. De non se estima-la existencia de delito, a Administración iniciará ou continuará o expediente sancionador con base nos feitos que os tribunais considerasen probados.

###### Artigo 56. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves os incumprimentos das obrigas recollidas nesta lei e nas bases reguladoras de subvencións cando non constitúan infraccións graves ou moi graves e non operen como elemento de gradación da sanción. En particular, constitúen infraccións leves as seguintes condutas:

- a) A presentación fóra de prazo das contas xustificativas da aplicación dada ós fondos percibidos.
- b) A presentación de contas xustificativas inexactas ou incompletas.
- c) O incumprimento das obrigas formais que, non estando previstas de forma expresa no resto de alíneas deste artigo, sexan asumidas como consecuencia da concesión da subvención, nos termos establecidos regulamentariamente.
- d) O incumprimento de obrigas de índole contable ou rexistral, en particular:
  - 1.º A inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente esixidos.
  - 2.º O incumprimento da obriga de levar ou conservar-la contabilidade, os rexistros legalmente establecidos, os programas e arquivos informáticos que lles sirvan de soporte e os sistemas de codificación utilizados.
  - 3.º Levar contabilidades diversas que, referidas a unha mesma actividade e exercicio económico, non permitan coñecer-la verdadeira situación da entidade.
  - 4.º A utilización de contas con significado distinto do que lles corresponde, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da realidade das actividades subvencionadas.
  - e) O incumprimento das obrigas de conservación de xustificantes ou documentos equivalentes.
  - f) O incumprimento por parte das entidades colaboradoras das obrigas establecidas no artigo 15 desta lei que non se prevexan de forma expresa no resto de puntos deste artigo.
  - g) A resistencia, obstrucción, escusa ou negativa ás actuacións de control financeiro.

Enténdese que existen estas circunstancias cando o responsable das infraccións administrativas en materia de subvencións, debidamente notificado para o efecto, realízase actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedi-las actuacións dos funcionarios da Intervención Xeral da Administración do Estado ou das comunidades autónomas no exercicio das funcións de control financeiro.

Entre outras, constitúen resistencia, obstrucción, escusa ou negativa as seguintes condutas:

- 1.ª Non achegar ou non facilita-lo exame de documentos, informes, antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, xustificantes, asentos de contabilidade, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control e calquera outro dato obxecto de comprobación.
- 2.ª Non atender algún requirimento.
- 3.ª A incomparecencia, salvo causa xustificada, no lugar e tempo sinalado.
- 4.ª Negar ou impedir indebidamente a entrada ou permanencia en locais de negocio e demais establecementos ou lugares en que existan indicios probatorios para a correcta xustificación dos fondos recibidos polo beneficiario ou a entidade colaboradora, ou da realidade e regularidade da actividade subvencionada.
- 5.ª As coaccións ó persoal controlador que realice o control financeiro.

h) O incumprimento da obriga de colaboración por parte das persoas ou entidades a que se refire o artigo 46 desta lei, cando diso derive a imposibilidade de contrasta-la información facilitada polo beneficiario ou a entidade colaboradora.

i) As demais conductas tipificadas como infraccións leves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

#### Artigo 57. *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves as seguintes conductas:

a) O incumprimento da obriga de lle comunicar ó órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas públicas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, a que se refire a alínea d) do punto 1 do artigo 14 desta lei.

b) O incumprimento das condicións establecidas alterando substancialmente os fins para os que a subvención foi concedida.

c) A falta de xustificación do emprego dado ós fondos recibidos unha vez transcorrido o prazo establecido para a súa presentación.

d) A obtención da condición de entidade colaboradora falseando os requisitos requiridos nas bases reguladoras da subvención ou ocultando os que a impedisen.

e) O incumprimento por parte da entidade colaboradora da obriga de verificar, se é o caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, cando diso derive a obriga de reintegro.

f) As demais conductas tipificadas como infraccións graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

#### Artigo 58. *Infraccións moi graves.*

Constitúen infraccións moi graves as seguintes conductas:

a) A obtención dunha subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a impedisen ou limitasen.

b) A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas para os fins para os que a subvención foi concedida.

c) A resistencia, escusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de control previstas, respectivamente, na alínea c) do punto 1 do artigo 14 e na alínea d) do punto 1 do artigo 15 desta lei, cando diso derive a imposibilidade de verifica-lo emprego dado ós fondos percibidos, ou o cumprimento da finalidade e da realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) A falta de entrega, por parte das entidades colaboradoras, cando así se estableza, ós beneficiarios dos fondos recibidos de acordo cos criterios previstos nas bases reguladoras da subvención.

e) As demais conductas tipificadas como infraccións moi graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

## CAPÍTULO II

### Das sancións

#### Artigo 59. *Clases de sancións.*

1. As infraccións en materia de subvencións sancionaranse mediante a imposición de sancións pecuniarias e, cando proceda, de sancións non pecuniarias.

2. As sancións pecuniarias poderán consistir en multa fixa ou proporcional. A sanción pecuniaria proporcional aplicarase sobre a cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada.

A multa fixa estará comprendida entre 75 e 6.000 euros e a multa proporcional pode ir do tanto ó triple da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

A multa pecuniaria será independente da obriga de reintegro recollida no artigo 40 desta lei, e para o seu cobramento resultará igualmente de aplicación o réxime xurídico previsto para os ingresos de dereito público na Lei xeral orzamentaria ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas.

3. As sancións non pecuniarias, que se poderán impor en caso de infraccións graves ou moi graves, poderán consistir en:

a) Perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais das administracións públicas ou outros entes públicos.

b) Perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei.

c) Prohibición durante un prazo de ata cinco anos para contratar coas administracións públicas.

#### Artigo 60. *Gradación das sancións.*

1. As sancións polas infraccións a que se refire este capítulo graduaranse atendendo en cada caso concreto:

a) Á comisión repetida de infraccións en materia de subvencións.

Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción da mesma natureza, xa sexa grave ou moi grave, en virtude de resolución firme en vía administrativa dentro dos catro anos anteriores á comisión da infracción.

Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave ou moi grave, a porcentaxe da sanción mínima incrementarase entre 10 e 75 puntos.

b) Á resistencia, negativa ou obstrucción ás actuacións de control recollidas na alínea c) do punto 1 do artigo 14 e na alínea d) do punto 1 do artigo 15 desta lei. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave ou moi grave, a porcentaxe da sanción mínima incrementarase entre 10 e 75 puntos.

c) Á utilización de medios fraudulentos na comisión de infraccións en materia de subvencións.

Para estes efectos, consideraranse principalmente medios fraudulentos os seguintes:

1.º As anomalías substanciais na contabilidade e nos rexistros legalmente establecidos.

2.º O emprego de facturas, xustificantes ou outros documentos falsos ou falseados.

3.º A utilización de persoas ou entidades interpostas que dificulten a comprobación da realidade da actividade subvencionada.

Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave ou moi grave, a porcentaxe da sanción mínima incrementarase entre 20 e 100 puntos.

d) A ocultación á Administración, mediante a falta de presentación da documentación xustificativa ou a presentación de documentación incompleta ou inexacta, dos datos necesarios para a verificación da aplicación dada á subvención recibida. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave ou moi grave, a porcentaxe da sanción incrementarase entre 10 e 50 puntos.

e) O atraso no cumprimento das obrigas formais.

2. Os criterios de gradación son aplicables simultaneamente. O criterio establecido na alínea e) empregase exclusivamente para a gradación das sancións por infraccións leves.

3. Os criterios de gradación recollidos nos puntos anteriores non se poderán utilizar para agrava-la infracción cando estean contidos na descrición da conducta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

4. O importe das sancións leves impostas a un mesmo infractor por cada subvención non excederá no seu conxunto do importe da subvención inicialmente concedida.

5. O importe das sancións graves e moi graves impostas a un mesmo infractor por cada subvención non excederá no seu conxunto do triple do importe da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

#### Artigo 61. *Sancións por infraccións leves.*

1. Cada infracción leve será sancionada con multa de 75 a 900 euros, salvo o disposto no punto seguinte.

2. Serán sancionadas en cada caso con multa de 150 a 6.000 euros as seguintes infraccións:

a) A inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente esixidos.

b) O incumprimento da obriga do mantemento de contabilidade ou dos rexistros legalmente establecidos.

c) Levar contabilidades diversas que, referidas a unha mesma actividade, non permitan coñecer a verdadeira situación da entidade.

d) A utilización de contas con significado distinto do que lles corresponde, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da realidade das actividades subvencionadas.

e) A falta de achega de probas e documentos requiridos polos órganos de control ou a negativa á súa exhibición.

f) O incumprimento por parte das entidades colaboradoras das obrigas establecidas no artigo 15 desta lei.

g) O incumprimento por parte das persoas ou entidades suxeitas á obriga de colaboración e de facilita-la documentación a que se refire o artigo 46 desta lei, cando diso derive a imposibilidade de contrasta-la información facilitada polo beneficiario ou a entidade colaboradora.

#### Artigo 62. *Sancións por infraccións graves.*

1. As infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do tanto ó dobre da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

2. Cando o importe do prexuízo económico correspondente á infracción grave represente máis do 50 por cento da subvención concedida ou das cantidades recibidas polas entidades colaboradoras, e excedese de 30.000 euros, concorrendo algunha das circunstancias previstas nas alíneas b) e c) do punto 1 do artigo 60 desta lei, os infractores poderán ser sancionados, ademais, con:

a) Perda, durante un prazo de ata tres anos, da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais da Administración ou outros entes públicos.

b) Prohibición, durante un prazo de ata tres anos, para celebrar contratos coa Administración ou outros entes públicos.

c) Perda, durante un prazo de ata tres anos, da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei.

#### Artigo 63. *Sancións por infraccións moi graves.*

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do dobre ó triple da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

Non obstante, non se sancionarán as infraccións recollidas nas alíneas b) e d) do artigo 58 cando os infractores reintegrasen as cantidades e os correspondentes xuros de demora sen previo requirimento.

2. Cando o importe do prexuízo económico correspondente á infracción moi grave exceda de 30.000 euros, concorrendo algunha das circunstancias previstas nas alíneas b) e c) do punto 1 do artigo 60 desta lei, os infractores poderán ser sancionados, ademais, con:

a) Perda, durante un prazo de ata cinco anos, da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais da Administración ou outros entes públicos.

b) Prohibición, durante un prazo de ata cinco anos, para celebrar contratos coa Administración ou outros entes públicos.

c) Perda, durante un prazo de ata cinco anos, da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei.

#### Artigo 64. *Desenvolvemento regulamentario do réxime de infraccións e sancións.*

As disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou gradacións ó cadro das infraccións ou sancións establecidas legalmente que, sen constituíren novas infraccións ou sancións, nin alteraren a natureza ou límites das que a lei recolle, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes.

#### Artigo 65. *Prescrición de infraccións e sancións.*

1. As infraccións prescribirán no prazo de catro anos contados desde o día en que a infracción se cometese.

2. As sancións prescribirán no prazo de catro anos contados desde o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción.

3. O prazo de prescrición interromperase conforme o establecido no artigo 132 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A prescrición aplicarase de oficio, sen prexuízo de que poida ser solicitada a súa declaración polo interesado.

#### Artigo 66. *Competencia para a imposición de sancións.*

1. As sancións en materia de subvencións serán acordadas e impostas polos ministros ou os secretarios de Estado dos departamentos ministeriais concedentes. No caso de subvencións concedidas polas demais entidades concedentes, as sancións serán acordadas e impostas polos titulares dos ministerios a que estiveran adscritas.

Non obstante, cando a sanción consista na perda da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais de Estado, na prohibición para celebrar contratos co Estado ou outros entes públicos ou na perda da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei, a competencia corresponderalle ó ministro de Facenda.

2. O ministro designará o instructor do procedemento sancionador cando a dita función non estea previamente atribuída a ningún órgano administrativo.

3. A competencia para impor sancións nas corporacións locais correspóndelles ós órganos de goberno que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local.

**Artigo 67. Procedemento sancionador.**

1. A imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo en que, en todo caso, se lle dará audiencia ó interesado antes de se dicta-lo acordo correspondente e que será tramitado conforme o disposto no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O procedemento iniciarase de oficio, como consecuencia da actuación de comprobación desenvolvida polo órgano concedente ou pola entidade colaboradora, así como das actuacións de control financeiro previstas nesta lei.

3. Os acordos de imposición de sancións porán fin á vía administrativa.

**Artigo 68. Extinción da responsabilidade derivada da comisión de infraccións.**

A responsabilidade derivada das infraccións extínguese polo pagamento ou cumprimento da sanción ou por prescrición ou por falecemento.

**Artigo 69. Responsabilidades.**

1. Responderán solidariamente da sanción pecuniaria os membros, partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o punto 3 do artigo 11 en proporción ás súas respectivas participacións, cando se trate de comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

2. Responderán subsidiariamente da sanción pecuniaria os administradores das sociedades mercantís, ou aqueles que posúan a representación legal doutras persoas xurídicas, de acordo coas disposicións legais ou estatutarias que lles resulten de aplicación, que non realicen os actos necesarios que sexan da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, adopten acordos que fagan posibles os incumprimentos ou consintan o de quen deles dependa.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas en que a lei limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares, as sancións pendentes transmitiranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase ou se lles debese adxudicar.

4. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas en que a lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares, as sancións pendentes transmitiranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ó seu cumprimento.

**Disposición adicional primeira. Información e coordinación co Tribunal de Contas.**

Anualmente, a Intervención Xeral da Administración do Estado remitiralle ó Tribunal de Contas informe sobre o seguimento dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados do exercicio do control financeiro.

O réxime de responsabilidade contable en materia de subvencións regularase de acordo coa Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, e a Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas.

**Disposición adicional segunda. Colaboración da Intervención Xeral da Administración do Estado con outras administracións públicas, nas actuacións de control financeiro de subvencións.**

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado, en coordinación cos órganos de control de ámbito nacional e autonómico, elaborará un Plan anual de control do FEOGA-Garantía en que se incluírán os controis que deberán realiza-la propia Intervención Xeral, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e os órganos de control interno das comunidades autónomas.

A Intervención Xeral da Administración do Estado coordinará cos órganos de control interno das administracións das comunidades autónomas a elaboración do Plan de control de fondos estruturais e de cohesión que anualmente deban acometer dentro do seu ámbito de competencia. Coa finalidade da súa remisión á Comisión da Unión Europea, formando parte do Plan de control de fondos estruturais e cohesión do Estado membro, os ditos plans seranlle remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado antes do 1 de decembro do ano anterior ó que se refiran.

2. As corporacións locais poderán solicitar da Intervención Xeral da Administración do Estado a realización dos controis financeiros sobre beneficiarios de subvencións concedidas por estes entes, suxeitándose o procedemento de control, reintegro e o réxime de infraccións e sancións ó previsto nesta lei.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo co establecido no artigo 45.1, subscribirá cos órganos da Comisión Europea os acordos administrativos de cooperación previstos na normativa comunitaria en materia de control financeiro de axudas e subvencións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos comunitarios.

**Disposición adicional terceira. Control financeiro de subvencións da Intervención Xeral da Seguridade Social.**

O control financeiro sobre as subvencións concedidas polas entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social será exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social nos termos previstos nesta lei.

**Disposición adicional cuarta. Contratación da colaboración para a realización de controis financeiros de subvencións con auditores privados.**

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá solicita-la colaboración de empresas privadas de auditoría para a realización de controis financeiros de subvencións nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria.

2. En calquera caso, corresponderalle á Intervención Xeral da Administración do Estado a realización daquelas actuacións que supoñan o exercicio de potestades administrativas.

3. A mesma colaboración poderán solicita-las corporacións locais para o control financeiro das subvencións que concedan, quedando tamén reservadas ós seus propios órganos de control as actuacións que supoñan o exercicio das potestades administrativas.

**Disposición adicional quinta. Axudas en especie.**

1. As entregas a título gratuito de bens e dereitos rexeranse pola lexislación patrimonial.

2. Non obstante o anterior, aplicarase esta lei, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, cando a axuda consista na entrega de bens, dereitos ou servicios que se adquiran coa finalidade exclusiva de os entregar a un terceiro.



3. En todo caso, a adquisición someterase á normativa sobre contratación das administracións públicas.

Disposición adicional sexta. *Créditos concedidos pola Administración a particulares sen xuro, ou con xuro inferior ó de mercado.*

Os créditos sen xuro, ou con xuro inferior ó de mercado, concedidos polos entes recollidos no artigo 3 desta lei a particulares rexeranse pola súa normativa específica e, no seu defecto, polas prescricións desta lei que resulten adecuadas á natureza destas operacións, en particular, os principios xerais, requisitos e obrigas de beneficiarios e entidades colaboradoras, e procedemento de concesión.

Disposición adicional sétima. *Entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.*

As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social que integran o sistema da Seguridade Social seranlles de aplicación as previsións desta lei nos mesmos termos que os organismos autónomos.

Disposición adicional oitava. *Subvencións que integran o Programa de cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.*

As subvencións que integran o Programa de cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais rexeranse pola súa normativa específica, resultando de aplicación supletoria as disposicións desta lei.

Disposición adicional novena. *Incentivos rexionais, axudas á minería e axudas do Plan PEME.*

1. Os incentivos rexionais regularanse pola Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais, excepto no referido ó réxime de control financeiro e ás infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións, que se rexerán, respectivamente, polo establecido nos títulos III e IV desta lei.

Sen prexuízo do anterior, os órganos competentes en materia de incentivos rexionais, unha vez emitido o informe de control financeiro pola Intervención Xeral da Administración do Estado, poderán exercer en todo caso as competencias que o Regulamento de desenvolvemento da Lei 50/1985, aprobado polo Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, lles atribúe para acordar de oficio a concesión de prórrogas para a completa execución do proxecto ou para incoar procedemento de modificación do proxecto inicial.

En calquera caso, esta lei aplicarase con carácter supletorio.

2. Na xestión das axudas que lle corresponde ó Instituto para a Reestructuración da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras en execución da política de reestructuración que ten encomendada en exercicio das súas funcións, o prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses a partir do peche da convocatoria. Nestes casos, o prazo figurará expresamente na norma que regule a concesión das subvencións.

3. No réxime de axudas e xestión do Plan de consolidación e competitividade da pequena e mediana empresa, cando o beneficiario poida, de acordo coa normativa reguladora, concertar con terceiros a execución total ou parcial da actividade subvencionada, a subcon-

tratación estará suxeita, se é o caso, e sen necesidade de autorización da entidade concedente, a que se achegue ó expediente de solicitude unha relación de contratos celebrados, e, cando se trate de persoas ou entidades vinculadas, se presente coa solicitude da axuda unha declaración de vinculación con terceiros.

Disposición adicional décima. *Premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza.*

Regulamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ó outorgamento dos premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza, que se deberá axustar ó contido desta lei, salvo naqueles aspectos en que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.

Disposición adicional décimo primeira. *Procedemento de reintegro de subvencións concedidas polo Instituto Nacional de Emprego.*

Non obstante o establecido no punto 5 do artigo 42 desta lei, as resolucións dos procedementos de reintegro dictadas polo Instituto Nacional de Emprego non porán fin á vía administrativa, e poderase interpor contra estas recursos de alzada nos termos recollidos no título VII da Lei 20/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Disposición adicional décimo segunda. *Plans de illamento acústico.*

As axudas que se establezan nas declaracións de impacto ambiental aplicaranse conforme os requisitos, esixencias e condicións que se establezan na dita declaración, de acordo coa súa propia normativa.

Disposición adicional décimo terceira. *Plans e programas sectoriais.*

Os plans e programas relativos a políticas públicas sectoriais que estean previstos en normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de plans estratéxicos de subvencións dos regulados no punto 1 do artigo 8 desta lei, sempre que recollan o contido previsto no citado punto.

Disposición adicional décimo cuarta. *Entidades locais.*

Os procedementos regulados nesta lei adaptaranse regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais.

A competencia para exercer-lo control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes corresponderalles ós órganos ou funcionarios que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das ditas corporacións a que se refiren os artigos 194 e seguintes da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

O establecido no título III desta lei sobre o obxecto do control financeiro, a obriga de colaboración dos beneficiarios, as entidades colaboradoras e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou xustificación, así como as facultades e os deberes do persoal controlador, será de aplicación ó control financeiro das subvencións das administracións locais.

Disposición adicional décimo quinta. *Xustificación de subvencións por entidades públicas estatais.*

Regulamentariamente establecerase o réxime simplificado de xustificación, comprobación e control das subvencións percibidas por organismos e entes do sector público estatal que, de acordo coa normativa orzamentaria, se encontren suxeitos a control financeiro permanente da Intervención Xeral da Administración do Estado, sen que se poidan esixir outras auditorías ou controis adicionais.

Disposición adicional décimo sexta. *Fundacións do sector público.*

1. As entregas en diñeiro sen contraprestación que realicen as fundacións do sector público rexeranse polo dereito privado, ben que serán de aplicación os principios de xestión contidos nesta lei e os de información a que se fai referencia no artigo 20. En todo caso, as achegas gratuítas que realicen deberán ter relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus estatutos.

2. Para os efectos desta lei, considéranse fundacións do sector público aquelas fundacións en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se constitúan cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, das administracións públicas, os seus organismos públicos ou demais entidades do sector público.

b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por cento por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

Disposición adicional décimo sétima. *Control e avaliación de obxectivos.*

O control e a avaliación de resultados derivados da aplicación dos plans estratéxicos a que se fai referencia no artigo 8 desta lei será realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, e sen prexuízo das competencias que lles atribúe a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ós departamentos ministeriais, organismos e demais entes públicos.

Disposición adicional décimo oitava. *Subvencións de cooperación internacional.*

1. O Goberno aprobará por real decreto, por proposta conxunta dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Facenda, as normas especiais reguladoras das subvencións de cooperación internacional.

2. A dita regulación adecuarase con carácter xeral ó establecido nesta lei salvo que deban exceptuarse os principios de publicidade ou concorrencia ou outros aspectos do réxime de control, reintegros ou sancións, na medida en que as subvencións sexan desenvolvemento da política exterior do Goberno e resulten incompatibles coa natureza ou os destinatarios delas.

Disposición adicional décimo novena. *Réxime aplicable ó Banco de España.*

O Banco de España rexerase na materia obxecto de regulación desta lei pola normativa vixente con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición adicional vixésima. *Actualización das contías previstas nesta lei.*

Autorízase o Consello de Ministros para que poida actualizar, mediante real decreto, as contías que se indican nesta lei, dándolles audiencia ás comunidades autónomas cando a actualización afecte un precepto de carácter básico.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Réxime foral de Navarra.*

En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo con respecto á Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Réxime foral do País Vasco.*

En virtude do seu réxime foral a aplicación desta lei á Comunidade Autónoma do País Vasco realizarase con respecto ó establecido no seu Estatuto de autonomía e na disposición adicional segunda da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación da normativa reguladora.*

1. No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei procederáse á adecuación da normativa reguladora das subvencións ó réxime xurídico establecido nesta.

2. Se no prazo sinalado no punto anterior non se procedese á adecuación da normativa reguladora das subvencións, esta lei será de aplicación directa.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio dos procedementos.*

1. Para os procedementos de concesión de subvencións xa iniciados á entrada en vigor desta lei, seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio.

2. Os procedementos iniciados durante o prazo de adecuación recollido na disposición transitoria primeira rexeranse polo disposto na normativa anterior que lles sexa de aplicación, salvo que entrase en vigor a normativa de adecuación correspondente.

3. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, os procedementos de control financeiro, reintegro e revisión de actos previstos nesta lei resultarán de aplicación desde a súa entrada en vigor.

4. O réxime sancionador previsto nesta lei seralles de aplicación ós beneficiarios e ás entidades colaboradoras, nos supostos previstos nesta disposición, sempre que o réxime xurídico sexa máis favorable ó previsto na lexislación anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) Do Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, os artigos 81 e 82.

b) O Decreto 2784/1964, do 27 de xullo, sobre xustificación das subvencións concedidas con cargo ós orzamentos xerais do Estado e das entidades estatais autónomas, en canto se opoña ó establecido nesta lei.

c) O Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto se opoña ó establecido nesta lei.

d) Do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, o segundo parágrafo do punto 1 do artigo 34, o punto 6 do artigo 36, a alínea b) do punto 1 do artigo 37, o punto 3 do artigo 38 bis e os artigos 43, 44 e 45.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial e carácter de lexislación básica.*

1. Esta lei dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución, constituíndo lexislación básica do Estado os seguintes preceptos:

No título preliminar, o capítulo I e o capítulo II, excepto a alínea d) do punto 4 do artigo 9; o artigo 10; o punto 2 e as alíneas d), e), f), g), h), i), j), k) e l) do punto 3 do artigo 16; os puntos 1, 2, e as alíneas c), f), h), i), j), k), l), m) e n) do punto 3 do artigo 17 e o artigo 21.

No título I, o capítulo I e o capítulo IV, excepto os artigos 32 e 33.

No título II, os artigos 36, 37 e o punto 1 do artigo 40.

No título III, os artigos 45 e 46.

No título IV, o capítulo I e os artigos 59, 65, 67, 68 e 69 do capítulo II.

O punto 1 da disposición adicional segunda e a disposición adicional décimo sexta.

2. As restantes disposicións desta lei resultarán unicamente de aplicación no ámbito da Administración xeral do Estado, das entidades que integran a Administración local e dos organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes destas.

Non obstante, cando as comunidades autónomas asumisen competencias en materia de réxime local, a lei aplicaráselles ás entidades que integran a Administración local no ámbito territorial das referidas comunidades autónomas, de acordo co establecido no punto 1 desta disposición.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que en desenvolvemento desta lei aprobe a Administración xeral do Estado terán carácter básico cando constitúan o complemento necesario respecto ás normas que teñan atribuída tal natureza conforme a disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento e entrada en vigor desta lei.*

1. No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei aprobarase un regulamento xeral para a súa aplicación.

2. Esta lei entrará en vigor tres meses despois da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 17 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**20978** LEI 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario. («BOE» 276, do 18-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ferrocarril é un modo de transporte esencial na sociedade española actual, seguro e con escasa incidencia sobre o ambiente e o consumo enerxético. Convén, por iso, potencialo, favorecendo o seu desenvolvemento e atribuíndolle unha misión de maior entidade na sociedade e na actividade económica españolas.

A decidida vontade do Goberno español de impulsa-lo ferrocarril como transporte rápido, moderno e seguro, capaz de competir con outros modos de transporte e de se converter en elemento vertebrador do país e en instrumento para mellora-la calidade de vida dos cidadáns fai imprescindible unha reforma da actual lexislación.

Tradicionalmente, a explotación do ferrocarril abrangueu a da infraestrutura e a dos servizos de transporte ferroviario. A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, considerou que, nos transportes por ferrocarril, o conxunto camiño-vehículo constituía unha unidade de explotación, atribuíndo a explotación unitaria das liñas e dos servizos da denominada Red Nacional Integrada a Red Nacional de los Ferrocarriles Españoles (RENFE).

A necesidade de converte-lo ferrocarril nun modo de transporte competitivo e de abri-los mercados ferroviarios nacionais ó transporte internacional de mercadorías realizado polas empresas ferroviarias establecidas en calquera Estado membro da Unión Europea, fixo preciso aprobar un conxunto de directivas dirixidas a dinamiza-lo sector ferroviario europeo. Así, a Directiva 91/440/CEE do Consello, do 29 de xullo de 1991, sobre o desenvolvemento dos ferrocarrís comunitarios, modificada pola Directiva 2001/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2001, establece a necesidade de separar, polo menos contablemente, a explotación dos servizos de transporte ferroviario e a administración da infraestrutura. Esta directiva esíxelle ós Estados membros a apertura das súas redes ferroviarias ás empresas e ás agrupacións empresariais internacionais que presten determinados servizos de transporte internacional, principalmente de mercadorías. Pola súa parte, a Directiva 95/18/CE do Consello, do 19 de xuño de 1995, sobre concesión de licencias ás empresas ferroviarias, estableceu a necesidade de licencia para as empresas que prestan os servizos a que se refire a Directiva 91/440/CEE. Dado que determinados Estados membros ampliaron os dereitos de acceso máis alá do previsto na Directiva 91/440/CEE, a Directiva 2001/13/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2001, modificou a Directiva 95/18/CE no sentido de xeneraliza-los principios de concesión de licencias a tódalas empresas activas no sector con obxecto de lles garantir a estas un trato xusto, transparente e non discriminatorio. A Directiva 2001/14/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2001, relativa á adxudicación de capacidade de infraestructuras ferroviarias, aplicación de canons pola súa utilización e certificación da seguridade, pretende garantir ás empresas ferroviarias o acceso á infraestrutura en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias e garanti-la seguridade na prestación dos ser-